

4

O ALUMNADO

IV.1. INTRODUCCIÓN

O dereito de tódalas persoas á educación debe ser garantida mediante a iniciativa dos poderes públicos, tal e como se expresa nas disposicións constitucionais de 1978.

No seu artigo 27, o texto constitucional considera que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da persoalidade humana, no respeito ós principios democráticos da convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais.

Con posterioridade, a Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE) asocia este dereito a logros históricos no progreso das sociedades modernas, na incesante preocupación por asegura-la cobertura das necesidades educativas da poboación, por realizar unha oferta adecuada de centros e postos escolares, por satisface-lo carácter de servicio público prioritario e por promover normativamente a igualdade de oportunidades.

O dereito á educación concrétese nesta Lei Orgánica no acceso a unha educación básica obligatoria e gratuita no nivel da educación xeral básica, e en todo caso, na formación profesional de primeiro grao, así como nos demais niveis que a propia Lei estableza. O que acontece anos máis tarde ó proclamarse a gratuidade dos estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos (Lei 8/1987, do 25 de novembro) e ó estende-la exención de taxas académicas e administrativas ós estudios do Curso de Orientación Universitaria (Lei 6/1988, de 11 de xullo). Asemade, contémplase o dereito a acceder a niveis superiores da educación (neste caso, fundamentalmente ós estudios universitarios) en función das aptitudes e vocación das persoas, sen que en ningún caso o exercicio deste dereito estea suxeito a discriminacións debidas á capacidade económica, ó nivel social ou ó lugar de residencia.

Na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, o dereito á educación conceptúase como un dereito social que reclama dos poderes públicos as accións positivas necesarias para o seu efectivo gozo: "*é un dereito susceptible de enriquecerse na súa progresiva concreción, alcanzando así a más ciudadáns e ofrecéndolles unha maior extensión formativa*". Como se engade no mesmo preámbulo, "*o seu exercicio por un maior número de españois en condicións homoxeneamente crecientes de calidad son, en si mesmos, os melhores instrumentos para loitar contra a desigualdade*".

No marco destes principios e dereitos básicos, o acceso dos alumnos ós diferentes niveis, ciclos ou cursos do sistema educativo debe valorarse atendendo ás condicións formais e reais do mesmo, sexan de natureza normativa, estructural ou conxuntural: ordenación xeral do sistema educativo, legislación específica, disponibilidades económicas dos poderes públicos e dos individuos, necesidades e demandas sociais, orientacións e decisións adoptadas no ámbito da política das Administracións (Estatal, Autonómicas, Local), etc.

Basicamente, e con criterio analítico, son condicións das que se derivan dúas lecturas complementarias:

- a) a que se corresponde cos requisitos de idade, titulación e/ou acreditación esixidas para incorporarse, permanecer e/ou promocionar no sistema educativo;
- b) a que coincide coas prestacións, servicios e/ou oportunidades ó alcance de cada suxeito nunha sociedade caracterizada por unha desigualdade que incide na distribución da rede

territorial de centros docentes, nos orzamentos privados e públicos do ensino, no réxime de axudas, nas desemellantes circunstancias persoais e familiares en relación coa educación e os seus resultados, etc.

Esta dobre lectura obriga a un tratamento diferenciado de amba-las dúas condicións, sen obvia-la súa interdependencia e necesaria compatibilidade.

IV.2. CONDICIÓNNS FORMAIS DO ACCESO

2.1. A entrada no sistema educativo.

Na Lei Xeral de Educación de 1970 (título primeiro, art. 9), expresábase a vontade de asegurar la unidade dos procesos educativos axustando os distintos niveis, ciclos e modalidades ás esixencias dunha educación permanente, respecto da que a incorporación ó sistema educativo desempeñaba un momento de referencia clave para a vida dos individuos, nos planos formativo e laboral.

Dita incorporación formulábase con criterios de voluntariedade na educación preescolar (ata os cinco anos de idade) e obrigatoriedade na Educación Xeral Básica (a partir dos seis anos, cumpríndose normalmente ata os trece). A partir do acceso, a conexión, interrelación e transición dos alumnos por cada nivel, ciclo e modalidade atenderán fundamentalmente a requisitos de idade e/ou titulación, específicos en cada caso, mesmo permitindo "*o paso dun a outro e as necesarias readaptacións vocacionais, ofrecendo oportunidades para a reincorporación de quen téndose vistos obrigados a interrompe-los estudos desexen reanudalos*".

A súa traducción vai ter lugar para cada unha das modalidades ou niveis educativos, como de seguido se expoñerá nos seus aspectos máis relevantes.

2.2. Educación Preescolar/Educación Infantil.

O acceso á mesma formalízase atendendo a criterios de idade, non existindo -senso estricto- un procedemento de admisión, partindo do dereito a elixir centro docente, tanto público coma privado. Na lexislación autonómica galega os criterios de admisión remítense ó Decreto 77/1986 do 20 de marzo polo que "*se regula a admisión de alumnos en centros non universitarios sostidos con fondos públicos*" (DOG de 1 de abril) e a Orde do 1 de abril de 1986, pola que "*se regula o proceso de admisión de alumnos nos centros docentes de preescolar e Educación Xeral Básica sostidos con fondos públicos*" (DOG do 9 de abril). Nestas normativas catalóganse os criterios prioritarios e complementarios de adscrición a un determinado centro (renda anual familiar per cápita, proximidade do domicilio, existencia de irmáns matriculados no centro, condición de fillo de emigrantes, existencia de minusvalías, situación de familia numerosa, etc.).

A Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), que modifica a denominación desta etapa, establece que a *educación infantil* comprenderá ata os seis anos de idade, tendo carácter voluntario. En todo caso, as Administracións Públicas garantirán a existencia dun número de prazas suficientes para asegura-la escolarización da poboación que o solicite.

2.3. Educación Xeral Básica/Educación Primaria.

A Lei Xeral de Educación, no seu artigo 15.2 establece que o nivel da Educación Xeral Básica comprende oito anos de estudio, dos seis ós trece anos de idade, sen que exista un sistema definido de admisión. De feito, será unha Orde do 1 de xuño de 1979 (BOE do 9 de xuño) a que estipule que se matricularán na EXB os nenos que cumpran seis anos de idade no ano natural de comienzo do curso académico, e que non concluirán a escolaridade antes dos catorce anos, que deben cumplirse no ano natural en que finalicen os seus estudos; cuestión que será ratificada parcialmente pola Orde do 30 de decembro de 1986 (BOE do 5 de xaneiro de 1987) coa finalidade de evitar repetición de cursos de alumnos con peculiaridades académicas e persoais incidentes nun rendemento escolar positivo.

A LOXSE considera que esta ensinanza de réxime xeral, agora reconvertida e denominada *Educación Primaria*, comprenderá seis cursos académicos, desde os seis ata os doce anos de idade. Segundo se expresa no artigo 15.1, "os alumnos accederán dun ciclo educativo a outro sempre que acadarán os obxectivos correspondentes. No suposto de que un alumno non conseguira ditos obxectivos, poderá permanecer un curso máis no mesmo ciclo coas limitacións e condicións que, de acordo coas Comunidades Autónomas, estableza o Goberno en función das necesidades educativas dos alumnos".

Ó igual que na Educación Preescolar ou Infantil, debe significarse que a vixencia do Decreto 77/1986, do 20 de marzo, polo que "*se regulan os criterios de admisión de alumnos en centros docentes non universitarios, sostidos con fondos públicos*", será condición imprescindible para a admisión nun centro docente "*reuni-los requisitos de idade e, no seu caso, os requisitos académicos esixidos pola lexislación vixente para o nivel educativo e curso ó que se pretende acceder*" (art. 4º). Asemade, "*en ningún caso haberá discriminación na admisión de alumnos por razones ideológicas, relixiosas, morais, sociais, de raza ou nacemento, nin se poderá condicionar aquela ó resultado da aplicación de calquera tipo de probas en exames de ingreso*" (art. 5º).

A teor deste Decreto Autonómico os alumnos e, no seu caso, os pais ou titores teñen dereito a elixir centro docente, tanto público coma privado. Se o número de solicitudes de admisión sobrepasa a disponibilidade de postos escolares, aplícanse criterios prioritarios e concorrentemente complementarios. A tal fin adoptaranse os procesos de admisión regulados na Orde do 1 de abril de 1986 (DOG do 9 de abril de 1986). No mesmo inclúense referencias ós prazos do calendario, ós órganos comisionados, ós puntos asignados ós criterios e un formulario de solicitude de ingreso en centros docentes non universitarios.

Na Educación Xeral Básica, cando había alumnos que a iniciaban sen asistir previamente á Educación Preescolar, os centros tiñan que desenvolver programas específicos de adaptación e preparación (nas áreas da lingua, psicomotricidade, pensamento lóxico, etc.), a fin de situa-los alumnos en condicións de aproveita-las ensinanzas do Ciclo Inicial.

Cada ciclo (Inicial, Medio ou Superior) terá fixados en relación ós cursos que o configuran, uns niveis básicos de referencia ou contidos mínimos a alcanzar antes de promocionar ó seguinte ou rematar, nos casos que corresponda, a escolarización obligatoria. Esta promoción dos alumnos ó ciclo inmediato efectúase de acordo coa valoración do seu rendemento por materias e global.

O Título de Graduado Escolar acreditará a realización proveitosa dos estudos correspondentes a este nivel educativo ou ter superadas as probas de madurez aludidas no artigo 20 da LXE. Dito título expedíase a quien se atiña a algunha das seguintes condicións:

- ter realizado con regularidade e suficiente aproveitamento os distintos cursos da EXB,
- ter seguido as ensinanzas para adultos equivalentes á EXB,
- ter superado a proba de madurez para maiores de catorce anos.

Os estudiantes que ó remate da EXB non obteñen o título de Graduado Escolar reciben o Certificado de Escolaridade, que posibilita o ingreso en Centros de Formación Profesional de Primeiro Grao. A posesión do título de Graduado Escolar permite o acceso ó Bacharelato e á Formación Profesional de Primeiro Grao.

As modificacións introducidas pola LOXSE en relación coa definición deste nivel educativo e o establecemento dunha Educación Secundaria Obrigatoria, alterarán substancialmente as pautas conforme as cales se outorgarán no futuro estas titulacións.

2.4. Bacharelato/Educación Secundaria.

O Bacharelato, que no marco da Lei Xeral de Educación de 1970 constitúe o nivel posterior á Educación Xeral Básica, pretendía conformar un título único e polivalente (art. 21.2), comprendendo

xunto coas materias comúns e as libremente elixidas, unha actividade técnico-profesional. Desenvolverase en tres cursos académicos, que se cumplirán normalmente entre os catorce e os dezaseis anos.

A este nivel accédese cos títulos de Graduado Escolar, de Técnico Auxiliar (FP1), convalidando asignaturas de primeiro e segundo e co extinto de Bacharel Elemental. Asemade, na situación particular de non ter totalmente aprobados os quinto ou sexto cursos do Bacharelato Xeral ou Técnico, respectivamente. Non se contemplan requisitos que obriguen á realización de probas complementarias.

Os alumnos, unha vez adscritos a este nivel non poderán ocupar un posto escolar en centros públicos ou privados (non concertados ou concertados) durante un período superior a seis anos académicos. O que non impide que continúen estes estudios polas modalidades contempladas no artigo 47 da Lei Xeral de Educación: Ensinanza Libre, a distancia, cursos nocturnos, etc., que polo demais, se rexen por condicións específicas de acceso.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o acceso ó Bacharelato adopta vías regulamentarias no Decreto 77/1986, do 20 de marzo, polo que se sinalan os criterios de admisión de alumnos en centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos (DOG do 1 de abril), na Orde do 6 de maio de 1986 (DOG do 15 de maio) e na Orde do 9 de abril de 1987 (DOG do 5 de maio), pola que se establecen normas de procedemento para a admisión de alumnos en centros docentes de Bacharelato e Formación Profesional sostidos con fondos públicos. Tamén nas Ordes do 7 de abril de 1988 e do 20 de xaneiro de 1993 (DOG do 10 de febreiro) polas que se modifícan parcialmente aspectos regulamentados na do 9 de abril de 1987. As preferencias dos alumnos, os criterios prioritarios e complementarios, interpretados no marco destas normativas, consideraranse como decisivos no acceso a este nivel educativo.

Unha vez aprobado o terceiro curso de BUP obtense o Título de Bacharel, sen ningún tipo de proba final. Un título que propicia acceder ó Curso de Orientación Universitaria (COU), á Formación Profesional de Segundo Grao e ó mundo laboral. De feito, as materias optativas que se ofertan pretenden estar directamente relacionadas coas opcións de COU e de formación universitaria que se pretendan elixir.

Este Bacharelato en relación coa Educación Secundaria que prescribe a LOXSE sufrirá notorias variacións, xa visibles nas modalidades que comprende:

- a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, que completa a ensinanza básica (catro cursos académicos), entre os 12 e os 16 anos de idade;
- o Bacharelato, con dous cursos académicos de duración a partir dos dezaseis anos de idade;
- a Formación Profesional específica de grao medio.

No tocante á Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) interesa destacar que de acordo co disposto na adicional sexta do Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño, cando os alumnos deban cambiar de Centro ó remate do primeiro ciclo, non será necesario un novo trámite de admisión. Asemade, o título de Graduado Escolar permitirá o acceso ó Segundo Ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria.

Os alumnos que ó finalizar esta etapa alcanzaran os obxectivos da mesma, recibirán o Título de Graduado en Educación Secundaria, que facultará para acceder ó Bacharelato e á Formación Profesional específica de grao medio. Esta titulación será única.

O novo Bacharelato comprenderá dous cursos académicos, con modalidades diferentes de cara a unha preparación especializada que permita a incorporación dos alumnos a estudos posteriores ou á vida activa. Para obte-lo Título de Bacharel precisarase a avaliación positiva en tódalas materias. Unha vez obtido facultará para acceder á Formación Profesional de grao superior e ós estudos universitarios. Neste último caso será necesaria a superación dunha proba de acceso que, xunto coas cualificacións obtidas no Bacharelato, valorará, con carácter obxectivo, a madurez académica dos alumnos e os coñecementos adquiridos nel (art. 29.1 da LOXSE).

Poderán acceder ós estudos de Bacharelato os alumnos que estean en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria. Ademais, de acordo coa disposición adicional cuarta e os Anexos

I, II e VI do Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño (BOE do 25 de xuño) polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, poderán acceder ó primeiro curso de bacharelato: os alumnos que teñan totalmente superado o 2º de BUP; os que teñan totalmente superado o 2º de FP1 e título de Técnico Auxiliar; os alumnos que teñan totalmente superado o 2º curso do primeiro ciclo experimental da Reforma das Ensinanzas Medias.

2.5. Formación Profesional.

A Lei Xeral de Educación (capt. III) e o Decreto 707/1976, do 5 de marzo sobre Ordenación da Formación Profesional (BOE do 12 de abril), conciben este nivel educativo como un conxunto de ensinanzas que teñen por finalidade específica ofrecer ós alumnos unha adecuada preparación profesional, á par que continúa a súa formación integral, gardando na súa organización e rendemento unha estreita vinculación coa estructura e previsións do emprego. Expressa a normativa legal a vontade de que poida favorecer, en todo momento, a continuidade de estudos dentro do sistema educativo.

Na súa prospectiva de desenvolvemento quedarán articulados tres graos, que non poden exceude-los dous anos de duración. Na práctica só terán implantación os dous primeiros, coas condicións de acceso que se establecen tras completa-los estudos que de seguido se especifican.

A Formación Profesional de Primeiro Grao (FP1) instrumentarase a partir dos coñecementos adquiridos polos alumnos na EXB, coa xeneralidade suficiente para asegura-la adquisición de coñecementos profesionais, tendentes ó exercicio dunha profesión, sen que se limiten as pretendidas opcións a un ensino integral e de potencial inserción en niveis superiores do sistema educativo. Reciben o título de "Técnico Auxiliar". Terán acceso a este grao quen non completen os estudos de EXB (con Certificado de Escolaridade) e os graduados escolares, que non prosigan estudos de Bacharelato.

A Formación Profesional de Segundo Grao (FP2) instruméntase a partir dos coñecementos propios do nivel de Bacharelato, ofrecendo os medios necesarios para a adquisición polos alumnos de técnicas de traballo adecuadas, aspirando a unha cualificación e especialización profesional de maior alcance, mantendo criterios de formación integral e conexión co resto do sistema educativo. Reciben o título de "Técnico Especialista". Terán acceso á FP2 os que posúan o título de Bacharelato e os titulados en Formación Profesional de Primeiro Grao que, conforme ó establecido no Decreto 707/1976 e Ordes posteriores, superaran as correspondentes ensinanzas complementarias ou demostrarán a debida madurez profesional.

A Formación Profesional de Terceiro Grao (FP3) pretendía a formación de técnicos especializados, con programas de estudio articulados en dúas áreas de coñecementos: de Formación Básica (consolidación dos coñecementos fundamentais adquiridos na formación anterior, aplicados a unha especialidade concreta) e de Aplicación (en base a supostos do exercicio profesional e cun carácter fundamentalmente práctico). Terían acceso a este grao os graduados universitarios, os alumnos que remataran o primeiro ciclo dunha Facultade ou Escola Técnica Superior e os titulados de FP2 que superaran as correspondentes ensinanzas complementarias. Como xa se expresou, a FP3 non chegou a implantarse.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o acceso á Formación Profesional adopta vías regulamentarias no Decreto 77/1986, do 20 de marzo, polo que se especifican os criterios de admisión de alumnos en centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos (DOG do 1 de abril), nas Ordes do 6 de maio de 1986 (DOG do 5 de maio) e de 9 de abril de 1987 (DOG de 5 de maio), polas que se establecen normas de procedemento para a admisión de alumnos en centros de Bacharelato e Formación Profesional sostidos con fondos públicos. Tamén nas Ordes de 7 de abril de 1988 e da do 20 de xaneiro de 1993 (DOG do 10 de febreiro), polas que se procede a modificar parcialmente a de 9 de abril de 1987.

A Formación Profesional, da que se ocupa o capítulo cuarto da LOXSE, incorpora importantes modificacións na concepción, estrutura e mesmo desenvolvemento deste nivel educativo, con repercusións substanciais nas condicións de acceso.

Por definición (art. 30.1), a Formación Profesional comprenderá o conxunto de ensinanzas que, dentro do sistema educativo, capaciten para o desempeño cualificado das distintas profesións. Ademais, incluirá outras accións que no marco da formación continua nas empresas, da inserción e re-inserción laboral dos traballadores, se desenvolvan na formación ocupacional. No ámbito do sistema educativo, a Formación Profesional terá a finalidade de preparar ós alumnos para a actividade nun campo profesional, en base a unha formación polivalente. Considerando que xa na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato, tódolos alumnos recibirán unha formación básica de carácter profesional, incluirá tanto a Formación Profesional de Base coma a Formación Profesional Específica de grao medio e superior.

Poderán cursa-la Formación Profesional específica de grao medio quen se ache en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria; para o acceso á Formación Profesional Específica de Grao Superior será necesario estar en posesión do título de Bacharel. Ademais da titulación establecida para o acceso a este ciclo, poderase incorporar nos correspondentes *currículos* deste grao a obrigación de ter cursado determinadas materias do Bacharelato en concordancia cos estudos que se pretendan realizar.

Non obstante, segundo se prevé no art. 32.1 da LOXSE, será posible acceder á formación profesional específica sen cumpri-los requisitos académicos establecidos, sempre que, a través dunha proba regulada polas Administracións Educativas, o aspirante demostre te-la preparación suficiente para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Para acceder por esta vía a ciclos formativos de grao superior requiriríase ter cumplidos os vinte anos.

2.6. Curso de Orientación Universitaria/ Estudios universitarios.

Segundo consta no art. 3.1. da Lei Xeral de Educación de 1970, a Educación Universitaria debe estar precedida dun curso de orientación, cunhas finalidades que atenderán ás seguintes cuestións: profundiza-la formación dos alumnos en Ciencias Básicas; orientalos na elección das carreiras ou profesións para as que demostren maiores aptitudes ou inclinacións; adestralos na utilización das técnicas de traballo intelectual propias da educación superior. Acabarán recibindo a denominación de Curso de Orientación Universitaria (COU).

O Decreto 1485/1971, de 1 de xullo, relativo á ordenación do curso académico 1971-72, e sobre medidas complementarias do Decreto 2459/1978, de 22 de agosto, establecen que o COU se implantará con carácter xeral, sendo programado e supervisado pola Universidade (art. 4). Con posterioridade, o COU regúlase nos apartados 10 e 18 da Orde de 22 de marzo de 1975 (BOE do 18 de abril), desenvolvida pola Resolución do 1 de marzo de 1978. Os alumnos só poderán matricularse neste Curso tres anos como máximo (Orde de 13 de xullo de 1971; Orde do 22 de marzo de 1975).

Para acceder a este Curso, os alumnos deberán reunir algunha das seguintes condicións:

- ter en posesión o título de Bacharelato;
- ter en posesión o título de Formación Profesional de Segundo Grao (técnico especialista);
- ter pendentes, únicamente unha ou dúas asignaturas para concluí-los seus estudos de Bacharelato (Plano 1975), de acordo co disposto na Circular da Dirección Xeral de Ensinanzas Medias do Ministerio de Educación e Ciencia, do 1 de setembro de 1980.

Contempláronse tamén situacións especiais de acceso para alumnos que remataron os seus estudos de Bacharelato no Plano de 1957, dos Mestres Industriais, Oficiais Industriais, Capataces Agrí-

colas ou Forestais, etc. en función do contemplado nos correspondentes Decretos e Resolucóns, tanto da Administración Central coma Autonómica.

A Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo determina, segundo posteriormente queda contemplado no Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño (BOE do 25 de xuño), a extinción do Curso de Orientación Universitaria no curso académico 1999/2000 (art. 12), na nova redacción efectuada polo Real Decreto 535/1993 do 12 de abril.

Esta situación modificará as condicións de partida no acceso ós estudos superiores. Así, como xa se anticipou, será o título de Bacharel o que facultará para acceder á formación profesional de grao superior e ós estudos universitarios. Neste último caso será necesaria a superación dunha "proba de acceso", que, xunto coas cualificacións obtidas no bacharelato, valorará, con carácter obxectivo, a madurez académica dos alumnos e os coñecementos adquiridos nel, segundo consta na LOXSE (art. 29.2); no Real Decreto 1700/1991, do 29 de novembro polo que se establece a estrutura do Bacharelato (BOE do 2 de decembro); e na mesma Lei Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria (BOE do 1 de setembro).

O Real Decreto 1005/1991, do 14 de xuño, polo que se regulan os procedementos para o ingreso nos Centros Universitarios, establece como preferentes as solicitudes dos alumnos que desexen iniciar estudos superiores que se correspondan coa opción seguida no COU e coas modalidades do Bacharelato experimental da Reforma, en liña co previamente regulamentado polo Real Decreto 943/1986 de 9 de maio (BOE do 14 de maio), modificado e completado polo 557/1988, do 9 de maio (BOE do 7 de xuño). Os maiores de vintecinco anos de idade poderán ingresar directamente na Universidade, sen necesidade de titulación algúnhia, mediante a superación dunha proba específica (LOXSE, art. 53.1.5.)

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG do 16 de agosto), de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia, mediante o que se crean as Universidades de Vigo e A Coruña, determinando que o sistema Universitario de Galicia estará constituído pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, establece (art. 10) que os estudiantes poderán acceder a calquera das Universidades da Comunidade Autónoma, sempre que reúnan os requisitos académicos necesarios, aplicándose o procedemento coñecido como distrito único. Desde entón téñense regulado para os cursos académicos correspondentes, as "probas de aptitude para o acceso ás Facultades, Escolas Técnicas Superiores, Colexios Universitarios e Escolas Universitarias da Comunidade Autónoma de Galicia".

2.7. Outras modalidades do ensino.

Consideramos neste apartado algunas das ensinanzas que pola súa estructura, oferta formativa, centros que as desenvolven, etc. configuran o ámbito das denominadas "ensinanzas especializadas" (tentativamente, na Lei Xeral de Educación, 1970) ou "ensinanzas de réxime especial" (explicitamente, na Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, 1990). Concretamente: Ensinanzas Musicais, Artísticas e de Idiomas.

As *Ensinanzas Musicais* contempladas na LOXSE no capítulo das Ensinanzas Artísticas (Sectión primeira: da música e da danza) teñen os seus antecedentes más recentes nos estudos oficiais de música, cursados nos Conservatorios. De acordo co disposto no Decreto 2618/1966, de 10 de setembro (BOE do 24 de outubro), sobre Regulamentación Xeral dos Conservatorios de Música, modificado polo Real Decreto 1073/1987, de 28 de agosto (BOE do 5 de setembro), as ensinanzas que se imparten nos Conservatorios de Música distribuiranse en cursos e agruparanse en tres graos: elemental, medio e superior.

Para inicia-los estudos oficiais de música nos seus diversos graos requirírase:

- a) no grao elemental: que o alumno cumprira oito anos de idade;

- b) no grao medio: que o alumno aprobara os estudos necesarios para obte-lo diploma elemental;
- c) no grao superior: que o alumno teña dezaseis anos de idade e que teña aprobados os estudos necesarios para obte-lo Título de Profesor correspondente (segundo o disposto no art. 11 do Decreto 2.618/1966).

Na LOXSE (artigos 39 e 40), incluídos na Sección Primeira do capítulo primeiro ("das ensinanzas artísticas"), as ensinanzas de música e danza comprenderán tres graos:

- a) Grao elemental, que terá catro anos de duración. Concédese ás Administracións Educativas a posibilidade de que establezan os criterios de ingreso, que terán en conta, entre outras circunstancias a idade idónea para realizaras.
- b) Grao medio, que se estructurará en tres ciclos de dous cursos académicos de duración cada un. Para acceder a elas será preciso superar unha proba específica de acceso; poderá accederse igualmente a cada curso sen ter superado os anteriores sempre que a través dunha proba, o aspirante demostre te-los coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.
- c) Grao superior, que comprenderá un só ciclo cunha duración que será determinada en función das características destas ensinanzas. Accederase sempre que se reúnan os seguintes requisitos: estar en posesión do título de Bacharel; ter aprobado os estudos correspondentes ó terceiro ciclo de grao medio; ter superado a proba específica de acceso que estableza o Goberno, na cal deberá demostra-los coñecementos e habilidades profesionais necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes. Tamén será posible acceder a este grao sen cumplir-los requisitos académicos, sempre que o aspirante demostre estar capacitado para iso.

Na Comunidade Autónoma desenvolvéronse regulamentariamente estas ensinanzas por medio do Decreto 253/ 1993, do 29 de xullo polo que se establece o currículum de grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso ós ditos graos.

As ensinanzas relativas a *Artes Aplicadas e Oficios Artísticos*, que teñen a súa orixe remota no Real Decreto de dezaseis de decembro de 1910 (sobre reorganización das Ensinanzas de Artes e Industrias), reorientan a súa implantación na década dos sesenta mediante o Decreto 2127/1963 do 24 de xuño (BOE do 6 de setembro), incorporando unha regulamentación posterior mediante a Orde do 27 de decembro de 1963 (BOE do 23 de xaneiro de 1964).

Os estudos regulares das Escolas que os acollen comprenderán 5 cursos, tres comúns e dous especiais, en cada Sección: Decoración e Arte Publicitaria; Deseño, Delineación e Trazado Artístico; Artes Aplicadas ó Libro; Talleres de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.

Para inicia-los estudos, tanto en cursos regulares coma en ensinanzas soltas, eran requisitos indispensables estar en posesión do Certificado de Estudios Primarios ou Certificado de Escolaridade e ter 12 anos cumpridos ou cumplilos dentro do ano natural no que se verifique a inscrición. Cabe a posibilidade de superar un exame de ingreso na Escola no que se esixirá posuír uns coñecementos análogos ós que se requiren para obter aquel certificado. Existe un cadro de convalidacións para os alumnos que dispoñan dalgún dos títulos de Graduado Escolar, Bacharelato, Formación Profesional de Primeiro e Segundo Graos e para os que teñan cursada a asignatura de Historia da Arte no COU, que xa foi regulamentado polo Real Decreto 1527/1981, do 13 de xullo.

No título segundo da LOXSE, referido ás Ensinanzas de Régime Especial, capítulo primeiro "das ensinanzas artísticas", os estudos da "arte dramática" e das "artes plásticas e de deseño" ocupan as seccións segunda e terceira, respectivamente.

As *ensinanzas da arte dramática* comprenderán un só grao de carácter superior, de duración adaptada ás características destas ensinanzas. Para acceder a elas será preciso: estar en posesión do título de Bacharel; ter superado a proba específica que para o efecto estableza o Goberno e que valorará a

madurez, os coñecementos e as aptitudes necesarias para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Non obstante será posible acceder sen cumplir los requisitos académicos establecidos, sempre que o aspirante demostre as habilidades específicas necesarias para cursalas con aproveitamento.

As *ensinanzas das artes plásticas e de deseño* comprenderán estudos relacionados coas artes aplicadas, os oficios artísticos, o deseño das súas diversas modalidades e a conservación e restauración de bens culturais. Organizaranse en ciclos de formación específica, de grao medio e superior. Para acceder ós ciclos de grao medio será necesario, ademais de estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria, acredita-las aptitudes necesarias mediante a superación das probas que se establezan. Poderán acceder ós ciclos de grao superior os que estean en posesión do Título de Bacharelato e superen as probas que se establezan (agás os alumnos que cursaran no Bacharelato determinadas materias concordantes cos estudios profesionais ós que se quere ingresar). Non obstante, será posible acceder ós graos medio e superior sen cumplir los requisitos académicos se o aspirante demostra ter tanto os coñecementos e aptitudes propios da etapa educativa anterior coma as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

As *ensinanzas nas Escolas Oficiais de Idiomas* foron regulamentadas pola Lei 29/1981, do 24 de xuño (BOE do 16 de xullo), coa consideración de "ensinanzas especializadas", conforme ó previsto no artigo 46 da LXE, xa que por razón das súas peculiaridades ou características non estaban integradas nos niveis, ciclos e graos nos que se estructuraba o sistema educativo.

Ditas ensinanzas desenvolveranse en dous niveis:

- a) O primeiro, encamiñado a proporcionar ós alumnos o coñecemento da lingua elixida, na súa comprensión e expresión oral e escrita. Poderán acceder os alumnos que se encontren en posesión do título de Graduado Escolar ou dos Certificados de Escolaridade e Estudios Primarios.
- b) O segundo, ten como finalidade a capacitación dos alumnos para o exercicio das profesións de traductor, intérprete consecutivo ou simultáneo ou calquera outra que, fundamentada no dominio específico dun idioma, fose aprobada polo Goberno. Poderán acceder os alumnos que, estando en posesión do título de Bacharelato, ou calquera outro declarado equivalente, teñan obtido o certificado académico correspondente ó primeiro nivel de ensinanzas de idiomas.

A LOXSE contempla as *ensinanzas de idiomas* no capítulo segundo correspondente ó título segundo das ensinanzas de réxime especial, atribuíndo a súa impartición ás Escolas Oficiais. Segundo se establece na Lei 29/1991, do 24 de xuño (BOE do 16 de xullo) desenvolveranse en dous niveis. Para acceder ás ensinanzas das Escolas Oficiais de Idiomas será requisito imprescindible ter cursado o primeiro ciclo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou estar en posesión do título de Graduado Escolar, do certificado de escolaridade ou de estudios primarios.

2.8. Validación de títulos e estudios estranxeiros.

O artigo 149.1.30 da Constitución española de 1978 establece que o Estado ten competencia exclusiva na regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Polo que se refire á educación universitaria, o artigo 32.2 da Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, determina que o Goberno, previo informe do Consello de Universidades, regulará as condicións de homologación de títulos estranxeiros, o que se produce coa promulgación do Real Decreto 86/1987, do 16 de xaneiro (BOE do 23). Asemade, por Orde do 9 de febreiro de 1987 (BOE do 13 de febreiro), díctanse instruccións para a aplicación do disposto no Decreto antedito.

Polo que se refire ó conxunto dos niveis educativos, a disposición adicional primeira, dous, c) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE), prevé que corres-

ponde ó Estado a regulación das condicións para a obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español.

Globalmente, esta normativa permite dar resposta ós principios de conexión e interrelación dos estudos que conforman o sistema educativo, en función dos títulos que se outorgan en cada nivel, ciclo ou modalidade. O que, ademais de clarea-lo acceso ós mesmos para quen estudia no territorio español, determina as condicións de acceso para estudiantes provenientes do estranxeiro, previa a declaración de equivalencia dos seus estudos.

No desenvolvemento dos preceptos legais, o Goberno do Estado ten promulgado diferentes disposicións. Entre as más relevantes, polo seu carácter xeral, destacamos:

- Real Decreto 1564/1982, do 18 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais non universitarios (BOE do 17 de xullo).
- Orde do 2 de abril de 1986, pola que se regula o procedemento de expedición e se aproban os modelos dos títulos e diplomas en centros de ensinanzas artísticas (BOE do 12 de abril).
- Real Decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior (BOE do 23 de xaneiro).
- Orde do 9 de febreiro de 1987, na que se dictan instruccións para aplicación do disposto no RD 86/1987 (BOE do 13 de febreiro).
- Real Decreto 104/1988, do 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria (BOE do 14 de febreiro).
- Orde do 14 de marzo de 1988 para a aplicación do disposto no RD 104/1988 (BOE do 17 de marzo).
- Orde do 19 de maio de 1988, pola que se regula o recoñecemento dos estudos realizados en centros estranxeiros situados en España e a expedición, no seu caso, dos títulos de Graduado Escolar e de Bacharelato (BOE do 25 de maio).
- Orde do 8 de xullo de 1988, pola que se regulan as probas de aptitude para o acceso a Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Colexios Universitarios de alumnos con estudos estranxeiros validables (BOE do 12 de xullo).
- Orde do 24 de agosto de 1988, pola que se regula o procedemento de expedición de títulos, diplomas e certificados correspondentes ós estudos de Educación Xeral Básica, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas Artísticas (BOE do 30 de agosto).
- Resolución do 13 de decembro de 1988, pola que se dan instruccións para aplicación da Orde do 24 de agosto de 1988 (BOE do 12 de xaneiro de 1989).
- Resolución do 16 de maio de 1989, pola que se dan instruccións para a aplicación da Orde do 19 de maio de 1988 (BOE do 20 de maio).
- Resolución do 7 de xuño de 1989, pola que se desenvolve a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 20 de xuño de 1989).

Segundo o que se determina, con carácter xeral na Orde do 30 de marzo de 1988 (BOE do 5 de abril), a homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros debe axustarse ós seguintes criterios:

- a) Os alumnos que proceden de sistemas educativos estranxeiros que desexen incorporarse a algúns dos seis primeiros cursos da EXB non precisan realizar trámites de validación de estudos. A incorporación ó curso que corresponda efectuarase polo centro docente español de acordo coa idade esixida.

- b) A homologación e validación de estudos realizados nun ou máis sistemas educativos estranxeiros esixe a superación completa de todos e cada un dos cursos anteriores ó curso obxecto de homologación ou validación, ademais da deste último.
- c) Os estudos realizados en sistemas educativos estranxeiros por alumnos procedentes do sistema educativo español serán obxecto de homologación ó título de Graduado Escolar ou ó de Bacharelato, sempre que o alumno teña aprobados tantos cursos correlativos e completos como lle quedaran pendentes para remata-la EXB ou o BUP, respectivamente.

IV.3. CONDICIÓNNS REAIS DO ACCESO

3.1. O dereito á educación.

A Constitución española, na que se definen as orientacións básicas que informan a legislación educativa promovida no ámbito das competencias do Estado e das Comunidades Autónomas, proclama no seu artigo 27 (apdo. a) o dereito de tódolos cidadáns á educación. Un compromiso que se transfire co-responsablemente á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 31 do seu Estatuto de Autonomía, como xa se expresou no Cap. I.

En consecuencia, ó Estado e á Comunidade Autónoma, por medio da programación xeral do ensino, correspóndelles asegura-la cobertura das necesidades educativas, proporcionando unha oferta adecuada de postos escolares, dignificando o ensino público e promovendo a igualdade de oportunidades. Tal programación debe facer compatibles o dereito á educación e a posibilidade de escoller centro docente dentro da oferta de postos escolares gratuitos.

3.2. O exercicio do dereito á educación nos niveis básicos.

A Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE), establece a tal fin, no seu título preliminar, artigo primeiro que:

- Tódolos españois teñen dereito a unha educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade. Esta educación será obligatoria e gratuita no nivel da educación xeral básica, e en todo caso, en formación profesional de primeiro grao, así como nos demais niveis que a lei estableza,
- Asemade, tódolos españois teñen dereito a acceder a niveis superiores da educación, en función das súas aptitudes e vocación, sen que en ningún caso o exercicio deste dereito estea suxeito a discriminacións debidas á capacidade económica, nivel social ou lugar de residencia do alumno,
- Os estranxeiros residentes en España, terán tamén dereito a recibir a educación a que se refiren os apartados un e dous deste artigo.

Na adaptación destes preceptos á Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), os niveis de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obligatoria constitúen a ensinanza básica; que comprenderá dez anos de escolaridade, iniciándose ós seis anos de idade e estendéndose ata os dezaseis. Esta ensinanza básica será obligatoria e gratuita (por Lei 8/1987, do 25 de novembro -DOG do 20 de xaneiro de 1988- a gratuidade amplíase ó resto dos niveis educativos non universitarios).

O Real Decreto 1543/1988, do 28 de outubro, sobre dereitos e deberes dos alumnos (BOE do 26 de decembro) concreta e desenvolve algunas das previsións legais respecto deste dereito constitucional, nun marco normativo que ademais de promove-la súa efectividade sinala os requisitos a que debe axustarse o exercicio de determinados dereitos implícitos, para facelo compatible cos dos demais membros da comunidade educativa; asemade, prevé mecanismos para garanti-lo respecto dos dereitos dos alumnos no ámbito escolar. Entre outros, e de xeito explícito, declarase que:

- tódolos alumnos teñen os mesmos dereitos e deberes básicos sen máis distinción cás derivadas da súa idade e das ensinanzas que estean cursando;
- o exercicio dos seus dereitos por parte dos alumnos implicará o recoñecemento e respecto dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa;

- os alumnos teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade;
- tódolos alumnos teñen dereito ás mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis de ensinanza. Nos niveis non obligatorios non haberá máis limitación cás derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o estudo;
- para quen no poida asistir de modo regular a un centro docente, desenvolverase unha oferta adecuada de educación a distancia (art. 3º.1.7 da LOXSE).

O Consello Escolar manifesta que a efectividade do principio constitucional do dereito á educación obriga ás Administracións educativas a regulamenta-lo acceso gratuito dos alumnos a un posto escolar que, ademais de garanti-la súa propia educación básica, incremente progresivamente as súas posibilidades de promoción no sistema educativo. Cara a unha efectiva igualdade de oportunidades os poderes públicos han asegura-la existencia dunha rede integrada de centros públicos e privados concertados, un réxime de bolsas e axudas ó estudio e unha atención singular ós grupos económica e socialmente desfavorecidos.

O Consello Escolar de Galicia ve con preocupación as dificultades que aqueles nenos con minusvalías psíquicas e/ou físicas continúan a ter para facer uso do seu dereito á educación, á hora de se matricular nos centros. Insta á Administración Educativa a que dicte as normas correspondentes que garantan un posto escolar sen desarraigamento familiar para estes alumnos, coas adapatacións físicas, curriculares, etc., que se precisen.

3.3. Gratuidade nos centros públicos.

Segundo a LXE, a *Educación Preescolar*, que ten carácter voluntario e comprende ata os cinco anos, será gratuita nos centros estatais e poderá ser tamén nos centros non estatais que soliciten voluntariamente o concerto. Pola súa parte, a LOXSE, baixo a denominación de *Educación Infantil* alude a un primeiro nivel educativo que, mantendo o carácter voluntario, comprenderá ata os seis anos de idade, establecéndose que as Administracións Públicas garantirán a existencia dun número de prazas suficientes para asegura-la escolarización da poboación que a solicite. A tal efecto coordinarán a oferta de postos escolares da educación infantil das distintas Administracións Públicas asegurando a relación entre os equipos pedagóxicos dos centros que imparten distintos ciclos. Asemade, determinarán as condicións nas que poderán establecerse convenios coas Corporacións Locais, outras Administracións Públicas e entidades privadas, sen fins de lucro.

O Consello Escolar solicita da Administración Educativa medidas efectivas que garantan que o 100% dos alumnos de 3 anos que soliciten un posto escolar público poidan posuílo. O feito de ter xa rematado o período de implantación da nova Educación Infantil, incluíndo a aplicación das ratios, así o xustifica.

A *Educación Xeral Básica* foi regulada pola LXE como obrigatoria e gratuita, sendo ratificada esta caracterización na Lei 8/1985, Reguladora do Dereito á Educación (Título preliminar, artigo primeiro). A Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990, que promove a súa reordenación establecendo unha *Educación Primaria* (seis cursos académicos, desde os seis ata os doce anos de idade) e unha *Educación Secundaria Obrigatoria* (catro cursos académicos, entre os doce e os dezaseis anos de idade) afianza esta gratuidade da ensinanza básica, agora ampliada en dous anos de escolaridade obrigatoria.

Na Formación Profesional de Segundo Grao, os centros concertados son de réxime singular.

Na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación (LODE), regula-méntase o réxime de concertos a través do cal se materializa o sostemento público dos centros privados concertados que xunto cos públicos, deben contribuír a facer eficaz o dereito á educación gratúa e, de acordo co artigo 27.9 da Constitución española establece os requisitos que deben reuni-los devanditos centros.

Por outra banda, no artigo 27.3 da LODE establecése que a programación específica de postos escolares nos niveis obligatorios e gratúitos deberá ter en conta en todo caso a oferta existente de centros públicos e concertados. Asemade, segundo se expresa no título cuarto, artigo 48.3, terán preferencia para acollerse ó réxime de concertos aqueles centros que satisfagan necesidades de escolarización, que atendan a poboacións escolares en condicións socioeconómicas desfavorables ou que, cumprindo algún dos requisitos anteriores, realicen experiencias de interese pedagóxico para o sistema educativo. En todo caso terán preferencia aqueles centros que en réxime de cooperativa cumpran coas finalidades anteriormente sinaladas.

O módulo económico que se asigne por unidade escolar con efectos distributivos, asegurará que o ensino se imparta en condicións de gratuidade, polo que se diferenciarán as cantidades correspondentes a salarios do persoal docente do centro, incluídas as cargas sociais e as doutros gastos do mesmo, como no Cap. V se poderá observar.

No artigo 51.1 (aptdo. 1) exprésase taxativamente que o réxime de concertos "*implica por parte dos titulares dos centros a obriga de impartir gratuitamente o ensino obxecto dos mesmos*". Aspecto que subliña o artigo 14.1 do Real Decreto 2377/1985, do 18 de decembro (BOE do 27 de decembro), polo que se aproba o regulamento de normas básicas sobre concertos educativos: "*o concerto educativo obriga ó titular do centro privado a impartir gratuitamente as ensinanzas do concerto, de acordo cos correspondentes programas e planos de estudio e con suxección ás normas de ordenación académica en vigor*". Ademais, "*pola impartición das ensinanzas do nivel educativo obxecto do concerto non se poderá percibir ningún concepto que, directa ou indirectamente, supoña unha contrapartida económica por tal actividade*".

Na Comunidade Autónoma Galega, como xa se referiu en relación ós centros públicos, a Lei 8/1987, do 25 de novembro (DOG do 20 de xaneiro de 1988), pola que se establece a gratuidade dos estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, dictamina que non estarán suxeitos ó pagamento das taxas académicas os alumnos dos centros privados que cursen os mencionados estudos.

Debemos anota-lo Decreto 61/1987, de 17 de marzo (DOG do día 30) polo que se regulan as actividades e servicios complementarios dos centros privados en réxime de concerto, facendo mención á posibilidade do establecemento de cotas económicas limitadas para pago de comedores, transportes, gabinetes médicos ou psicopedagóxicos, ou calquera outro servicio de natureza análoga.

Asemade, a Orde do 30 de decembro de 1988 (DOG do 20 de xaneiro de 1989), pola que se dictan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos a partir do curso académico 1989-90, traslada á Comunidade Autónoma de Galicia o cumprimento da finalidade de asegurar unha oferta adecuada de postos escolares gratúitos para a Educación Básica "*dentro dun óptimo rendemento dos recursos educativos correspondentes*", neste caso de titularidade privada.

De obrigada anotación son tamén a Orde do 23 de maio de 1990 (DOG do 13 de xuño) pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno nos Centros privados sostidos con fondos públicos, e, a Orde do 24 de setembro de 1992 (DOG do 7 de outubro) pola que se establecen as contías que os Centros concertados en réxime singular poderán percibir dos alumnos.

Máis recentemente, a Orde do 18 de xaneiro de 1993 (DOG do 26 de xaneiro), dictou as normas para a aplicación, a partir do curso académico 1993/94, do réxime de concertos educativos previstos na LODE pola que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos. A resultas da mesma, a Orde do 27 de maio de 1993 (DOG do 7 de xuño) aproba os concertos educativos

nos centros docentes privados de Galicia: de educación primaria/xeral básica, educación especial e formación profesional de primeiro e segundo graos, como se poderá observar na Táboa IV.1.

TÁBOA IV.1.

O RÉXIME DE CONCERTOS EN GALICIA (A PARTIR DO CURSO 1993/94) CENTROS DOCENTES PRIVADOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA/XERAL BÁSICA (R.X.=Réxime Xeral. R.S.= Réxime Singular)

A CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
Concello	R.X.	R.S.	Concello	R.X.	R.S.	Concello	R.X.	R.S.	Concello	R.X.	R.S.
Arzúa	1	—	Foz	2	—	Barbadás	1	—	Bueu	1	—
Betanzos	1	—	Lugo	7	—	Barco Vald.	1	—	Caldas de R.	2	—
Carballo	1	—	Monforte	3	—	Carballiño	2	—	Cangas	4	—
Cee	1	—	Ribadeo	1	—	Celanova	1	—	Guarda, A	2	—
Coruña, A	11	9	Sarria	2	—	Coles	1	—	Lalín	1	—
Culleredo	2	1				Maceda	1	—	Marín	1	1
Fene	2	1				Ourense	10	1	Mos	1	—
Ferrol	13	2				Rúa, A	1	—	Nigrán	1	—
Fisterra	1	—				Verín	1	—	Ponteareas	2	—
Mugardos	1	—							Pontevedra	4	1
Muros	1	—							Porriño, O	2	—
Narón	3	—							Sanxenxo	1	—
Noia	3	—							Silleda	1	—
Oleiros	—	2							Soutomaior	1	—
Pontedeume	2	—							Vigo	2	12
Pontes G.R	2	—							Vilagarcía		—
Ribeira	2	—									
Santiago	10	1									

CENTROS DOCENTES PRIVADOS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

A CORUÑA			LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
Concello	R.X.	R.S.	Concello	R.X.	Concello	R.X.	R.S.	
Arteixo	1	—	Lugo	1	Coles	1	—	Cangas
Coruña, A	3	—			Ourense	1	—	Lalín
Culleredo	1	—						Marín
Ferrol	3	—						Mos
Neda	1	—						Pontevedra
Noia	1	—						Porriño, O
Sada	1	—						Sanxenxo
Santiago	3	—						Silleda
								Soutomaior
								Vigo

CENTROS DOCENTES PRIVADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE 1.º E 2.º GRAO.

ACORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
Loc.	Grao		Loc.	Grao		Loc.	Grao		Loc.	Grao	
	1.º	2.º		1.º	2.º		1.º	2.º		1.º	2.º
Arzúa	1	1	—	—	—	Ourense	4	—	Caldas de R.	1	1
Coristanco	1	1	—	—	—	Maceda	1	—	Neves, As	1	1
Coruña, A	12	6	—	—	—	—	—	—	Redondela	1	1
Ferrol	1	—	—	—	—	—	—	—	Vigo	12	7
Mugardos	1	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Narón	1	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Noia	1	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Pontedeume	1	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Santiago	1	1	—	—	—	—	—	—	—	—	—

CENTROS DOCENTES PRIVADOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA/XERAL BÁSICA
(CENTROS CONCERTADOS POR UN ANO)

ACORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
Coruña, A	5	—	—	—	—	Estrada, A	1
Ribeira	1	—	—	—	—	Vigo	7
Sta.Comba	1	—	—	—	—	Vilanova Ar.	1

Así mesmo, pola Orde de 14 de decembro de 1992 (DOG do 30), resolveuse provisionalmente a convocatoria de axudas económicas para o curso 1992/93 a unidades que escolaricen alumnos de educación infantil de 4 ou 5 anos en centros privados, sendo que a súa resolución de adxudicación ou denegación prodúcese a través da Orde do 16 de marzo de 1993 (DOG do 31 de marzo).

TÁBOA IV.2.

AXUDAS ECONÓMICAS A CENTROS PRIVADOS (CURSO 1992/93)
UNIDADES QUE ESCOLARIZAN ALUMNOS EDUCACIÓN INFANTIL
POR PROVINCIAS E CONCELLOS, N.º CENTROS/UNIDADES

ACORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
Betanzos	1/2	Foz	2/4	Barbadás	1/1	Bueu	1/2
Boiro	1/1	Lugo	7/23	Barco V.	1/3	Caldas	2/4
Cee	1/2	Monforte	3/6	Carballiño	2/4	Cangas	4/9
Coruña, A	23/70	Ribadeo	1/3	Celanova	1/1	Estrada, A	1/1
Culleredo	3/6	Sarria	3/4	Coles	1/3	Gondomar	1/2
Fene	2/3			Maceda	1/2	Guarda, A	2/4
Ferrol	12/34			Ourense	15/29	Lalín	1/4
Fisterra	1/2			Rúa, A	1/2	Marín	1/4
Mugardos	1/1			Verín	1/3	Mos	1/2
Narón	3/5					Nigrán	1/1
Noia	2/7					Ponteareas	2/4
Oleiros	2/7					Pontevedra	4/16
Pontedeume	2/3					Porriño, O	1/1
Pontes GR	1/2					Sanxenxo	1/2
Ribeira	5/9					Silleda	1/2
Santiago	13/24					Soutomaior	1/2
						Tui	1/2
						Vigo	45/113
						Vilagarcía	2/6
						Vilanova	1/4

Foron denegadas:

Prov. A Coruña: Arzúa (1), A Coruña (2), Fene (1), Ferrol (1)

Prov. Pontevedra: O Grove (1), Pontevedra (1), O Porriño (1), Vigo (1).

A análise dos anteriores datos e referencias permiten poñer de manifesto de forma globalizada que 292 centros de iniciativa privada, de toda Galicia e dos varios niveis educativos gozan na actualidade de réxime de concertos; deles 180 sitúanse no campo da educación primaria/xeral básica, estando, por outra parte algo máis do 85 % do total deles situados nas provincias occidentais de Galicia, como revela a consulta da Táboa IV.3.

Asemade parece oportuno deixar constancia de que un total de 451 unidades de educación infantil, pertencentes a 187 centros, puideron recibir axudas económicas durante o curso 1992/93.

TÁBOA IV.3

RESUMO PROVINCIAL DE CENTROS CONCERTADOS. CURSO 1993/94

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Ed. Primaria/ Xeral Básica	73	15	20	72	180
Ed. Especial	14	1	2	20	37
FP 1.º Grao	20	—	5	15	40
FP 2.º Grao	9	—	—	10	19
Ed.Primaria/Xeral Básica (Por 1 ano)	7	—	—	9	16
Total	123	16	27	126	292

TÁBOA IV.4

RESUMO PROVINCIAL DE CENTROS/UNIDADES DE E. INFANTIL CON AXUDAS ECONÓMICAS. CURSO 1993/94

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Centros	73	16	24	74	187
Unidades	178	40	48	185	451

TÁBOA IV.5.

EVOLUCIÓN DE APOIO ECONÓMICO PÚBLICO A UNIDADES DE E. INFANTIL. GALICIA

	UNIDADES	PTAS. (MILLÓNS)
1990 (1)	200	246,6
1991	354	1000
1992	430	1789
1993	451	1917

Fonte: XUNTA DE GALICIA, Doc. *Balance da Lexislatura 1990/1993*, IIº Tomo, p. 105

(1) Corresponde ó último cuatrimestre do ano

3.5. Réxime de Bolsas e Axudas.

As Bolsas e Axudas ó estudio teñen por obxecto proporcionar recursos económicos a quen ten carencias deles para realiza-los seus estudos. Esta modalidade de financiamento público ó estudio, de carácter personalizado, diríxese fundamentalmente ós niveis non obligatorios do ensino, en contraposición co financiamento público destinado á creación e sostento de centros escolares de Ensino Xeral Básico/Educación Primaria e Formación Profesional de Primeiro Grao para facer efectivo o principio de escolaridade obligatoria e gratuita, propio do ensino básico.

En relación ó anterior, segundo se dispón no Real Decreto 2298/1983, do 28 de xullo, polo que se regula o sistema de bolsas e outras axudas ó estudio de carácter personalizado (BOE do 27 de agosto), enténdese por bolsa ou axuda ó estudio "*toda cantidade ou beneficio que o Estado conceda ós que desexen realizar ou se atopen realizando estudios para a súa promoción educativa, cultural, profesional e científica*". Tamén terán a consideración de axudas ó estudio "*as cantidades que teñan por obxecto premiar aproveitamentos académicos de excepcional calidade, ben sexan estes contemplados a través do expediente escolar do estudiante, ben sexan demostrados mediante a superación de probas que a tal efecto poidan establecerse*".

Mediante o sistema de bolsas e demais axudas personalizadas trátanse de conseguir obxectivos que teñen como referente común facer efectivo o exercicio do dereito á educación nos niveis educativos superiores ós básicos e non universitarios para aqueles alumnos que teñan limitado o seu acceso por razóns socioeconómicas. Estes obxectivos aluden a:

- posibilita-lo acceso e continuidade nos estudos non obligatorios ós que, demostrando aptitudes, carezan de medios económicos;
- ofrecer incentivos para a escolarización dos xoves de catorce a quince anos que abandonan os estudos regulados;
- axudar a outros membros da poboación escolar necesitados de particular atención;
- estimular nos distintos niveis educativos o aproveitamento académico, a creatividade, a ampliación de coñecementos e o intercambio de experiencias.

Na procura de satisfacer estes obxectivos, o sistema de bolsas e axudas considérase que debe garantir, dun lado, a esixencia dunha administración descentralizada e participativa, e doutro, os principios de unidade de criterios e igualdade de oportunidades en todo o territorio do Estado. Neste sentido é oportuno lembrar que a "convocatoria, adxudicación e renovación das bolsas e axudas ó estudio" son competencias e funcións que se reserva a Administración do Estado, mentres que a "xestión de bolsas e axudas ó estudio comprendidas nos planos de investimentos do Instituto Nacional de Asistencia e Promoción do Estudiante, consonte os criterios establecidos pola Administración Central do Estado" son competencias e funcións que asume a Comunidade Autónoma, segundo se establece no Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Educación (DOG do 18 de agosto).

Como se anticipou, a normativa reguladora da materia está contida fundamentalmente no Real Decreto 2298/1983, do 28 de xullo. Tamén nas Ordes do 12 de xuño de 1989 (BOE do 22 de xuño) e do 7 de xuño de 1990 (BOE do 21), ámbalas dúas relativas ós requisitos académicos, económicos e de procedementos para a concesión de bolsas e axudas ó estudio; asemade nas correspondentes convocatorias anuais acordadas polo órgano competente das respectivas Administracións. Neste sentido destaca o papel desempeñado pola "Comisión de Bolsas e Axudas ó Estudio" regulada pola Orde do 10 de decembro de 1987 (BOE do 16 de decembro).

As axudas ó estudio poderán consistir en bolsas ou axudas de carácter xeral e en axudas de carácter especial.

Terán a consideración de bolsas ou axudas de carácter xeral as que se destinan ós alumnos dos niveis non obligatorios de ensinanzas posteriores á Educación Básica e que se adxudiquen en función da renda familiar e aproveitamento académico, ponderadamente considerados.

Terán a consideración de axudas de carácter especial as que se establezan para a educación preescolar, Educación Básica e Formación Profesional de primeiro grao; por razón de colectivos sociais especialmente necesitados de protección; por razón de servicios ou prácticas que terá que realizar o beneficiario no propio centro docente; por razón de especial aproveitamento académico e de concursos ou probas de selección organizados ó efecto; por razón de actividades culturais complementarias á educación para intercambios entre alumnos de distintos centros docentes españoles, ou españoles e estranxeiros; por razóns excepcionais de eventual aparición e por calquera outras de interese educativo, que determinará a Administración Educativa.

A convocatoria xeral, regulamentada a través das Ordes Ministeriais promulgadas en relación cos distintos cursos académicos, posibilita a solicitude de bolsas e axudas para realizar calquera dos estudos seguintes relativos ós niveis, graos e modalidades que son obxecto do presente Informe:

- Bacharelato e COU.
- Formación Profesional.
- Estudios correspondentes á tódolos cursos da Reforma experimental de Ensinanzas Medias.
- Estudios de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, Cerámica, Grao elemental e medio de Conservatorios de Música e Danza.
- Estudios relixiosos.
- Estudios de Idiomas realizados nas Escolas Oficiais.

As Bolsas poden comprender os seguintes componentes:

- Axuda compensatoria.
- Axuda para gastos determinados por razón da distancia entre o domicilio familiar do alumno e o Centro docente.
- Axuda para gastos derivados da residencia do alumno, durante o curso, fóra do domicilio familiar.
- Axuda para gastos determinados por razón do material escolar necesarios para os estudos.
- Axuda para gastos determinados por razón da condición xurídica do centro docente e do seu réxime de financiamento, no nivel dos ensinos medios.

As convocatorias especiais de axudas teñen atendido, no ámbito da Administración Central, ás seguintes modalidades:

- Educación Preescolar, para alumnos de 4 e cinco anos de idade en centros privados que cumpren os requisitos económicos establecidos na convocatoria.
- Educación Especial, de carácter individual e dirixidas a alumnos afectados por unha diminución física, psíquica ou sensorial ou por unha inadaptación, que teñan unha idade comprendida entre os tres e os vinteún anos e que estean cursando estudos nalgún dos niveis do sistema educativo.
- Cursos de Verán de Idiomas no estranxeiro (para cursos de francés en Francia e para curso de inglés en Gran Bretaña), sendo beneficiarios os alumnos bolseiros da convocatoria xeral de idade comprendida entre 16 e 18 anos e unha media de notable no idioma de referencia.
- Actividades e talleres de expresión artística: música, plástica e dramatización.

A Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo as competencias que ten atribuídas, realizou as seguintes convocatorias especiais:

- Orde do 1 de outubro de 1990, para axudas económicas destinadas a alumnos de BUP, COU, FP e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos para a realización de intercambios escolares

de centros docentes de Galicia e doutros centros do territorio español e da Comunidade Europea, e para viaxes pedagóxicas de grupos de alumnos.

- Resolución do 3 de outubro de 1991 pola que se conceden prorrrogas de un ano ós alumnos bolseiros de FP2, técnicos especialistas (DOG do 15 de outubro).
- Orde do 21 de outubro de 1991 (DOG do 4 de novembro), na que se convocan axudas destinadas a alumnos para a realización de intercambios escolares. Convocatoria que se resolve mediante a Resolución de 20 de febreiro de 1992 (DOG do 11 de marzo). Foron aprobados nove proxectos con axudas que oscilan entre 261.800 e 815.100 pts.
- Orde do 4 de outubro de 1991 (DOG do 15 de outubro) pola que se convocan axudas destinadas a alumnos para a realización de viaxes pedagóxicas. Convocatoria que se resolve mediante Resolución do 20 de febreiro de 1992 (DOG do 11 de marzo), aprobándose 28 proxectos, con axudas comprendidas entre 85.600 e 1.153.200 pts.

Cunha perspectiva máis global, na que se integran o conxunto de accións tendentes á mellora la igualdade de oportunidades dos estudiantes: aprendizaxe da segunda lingua, financiamento de asociacións estudiantís, viaxes culturais de carácter pedagóxico, premios de fin de carreira, axudas á mobilidade estudiantil (complementarias ó programa Erasmus) e axudas complementarias ás bolsas convocadas polo Ministerio de Educación e Ciencia, téñense investido anualmente as seguintes cantidades, entre 1990 e 1993:

<u>ANO</u>	<u>CANTIDADE (millóns pts.)</u>
1990	108,00
1991	121,30
1992	139,20
1993	158,80 (previsión)

Cunha perspectiva complementaria deben destacarse as iniciativas emprendidas por un número considerable de concellos galegos que desde hai xa algúns cursos académicos achegan axudas e subvencións para mercar libros e material escolar, promoven a integración dos alumnos no medio no que viven, utilización do transporte, etc., en función das necesidades dun certo número de familias que vi-vén no seu ámbito de actuación territorial.

IV.4. DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS

A LODE recoñece e define determinados dereitos e deberes básicos dos alumnos, á vez que establece que estes poderán asociarse e exerce-lo dereito de reunión nos centros docentes.

A mesma Lei, ó referirse ás atribucións dos Consellos Escolares dos centros públicos, encómenda a tales Consellos funcións relativas ó réxime disciplinar que hai que adoptar en relación ós alumnos, de acordo coas normas que regulen os dereitos e deberes dos mesmos, reservando certas competencias disciplinares ós Consellos Escolares dos centros concertados.

Os dereitos dos alumnos, exercicio que se lles recoñece unha vez que accederon ó sistema educativo e, dentro do sistema, a un centro docente, son os relacionados no artigo 6.1. da citada Lei como dereitos básicos, ós que hai que engadi-los xa recoñecidos no seu título preliminar. Explicitamente reñéncense ós alumnos os seguintes *dereitos básicos*:

- dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade;
- dereito a que o seu rendemento escolar sexa valorado consonte os criterios de plena obxectividade;
- dereito a que se respeite a súa liberdade de conciencia, así como as súas conviccións relixiosas e morais, de acordo coa Constitución;
- dereito a que se respeite a súa integridade e dignidade persoais;
- dereito a participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto na LODE;
- dereito a recibir orientación escolar e profesional;
- dereito a recibi-las axudas precisas para compensar posibles carencias de tipo familiar, económico e sociocultural;
- dereito a protección social nos casos de infortunio familiar ou accidente.

Como expresamos, estos dereitos amplíanse no título preliminar da LODE. Concretamente no que se refire a:

- dereito a recibir unha educación conforme ós fins establecidos na Constitución e na LODE (art. 4º a);
- dereito a acceder a niveis superiores da educación, en función das súas aptitudes e vocación;
- dereito a asociarse creando organizacións de acordo coa Lei e normas regulamentarias que se establezan (Decreto 466/1987, do 17 de decembro);
- dereito de reunión nos centros docentes (art. 8 da LODE).

No tocante ós *deberes básicos*, a LODE formula con brevidade que están referidos ó estudio e ó respecto ás normas de convivencia dentro do centro docente (art. 6.2).

O Real Decreto 1543/1988, do 28 de outubro, sobre dereitos e deberes dos alumnos (BOE do 26 de decembro de 1988), desenvolve as previsións legais que alí se conteñen, pormenorizando o contido de cada un dos dereitos e deberes básicos e establecendo determinadas actuacións da Administración Educativa para promove-la súa efectividade. Asemade, o Real Decreto sinala os requisitos a que debe axustarse o exercicio de determinados dereitos para facelo compatible cos dos demais membros da comunidade educativa, e prevé os mecanismos para garanti-lo respecto dos dereitos dos alumnos no ámbito escolar.

Complementariamente, coa finalidade de propicia-la esixencia dun adecuado nivel de convivencia nos centros docentes, establecese o marco normativo dentro do que deben desenvolverse as competencias disciplinarias que a LODE atribúe ós Consellos Escolares dos centros. O Real Decreto regulará, en consecuencia, o réxime de faltas e sancións e as garantías e procedementos a que debe axustarse a imposición destas últimas.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo os criterios de execución e desenvolvemento do establecido no devandito Real Decreto, foron dictadas instruccións aclaratorias sobre a súa aplicación, unha vez constatadas determinadas problemáticas. Concretamente pola Dirección Xeral de Ensinanzas Medias (con data 10 de xaneiro de 1990) en relación ós órganos competentes para a actuación na apertura e seguimento de expedientes ó alumnado.

Polas alusións que inclúen respecto de dereitos e deberes dos estudiantes no marco da actividade escolar, deben mencionarse as Resolucións que cada ano anticipan a "*regulación das actividades docentes durante o curso académico seguinte, nos centros de Educación Preescolar ou Infantil, Educación Xeral Básica ou Primaria, Educación Especial, Educación Permanente de Adultos, de Bacharelato, Formación Profesional e Institutos de Educación Secundaria e Profesional*". Concretamente no que supoñen de consideración de dereitos respecto de:

- formación relixiosa, ética e moral
- impartición da lingua galega
- saídas ó contorno circundante
- realización de traballos extraescolares
- uso de instalacións escolares
- prohibición de fumar e de venda e consumo de bebidas alcohólicas.

Particularmente consideramo-las referencias "ó dereito dos alumnos a unha avaliación obxectiva do rendemento escolar", art. 10 da Orde do 24 de xuño de 1991 (DOG do 28 de agosto) que se concreta nos seguintes termos:

1. Os alumnos teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa valorado con plena obxectividade.
2. Os alumnos ou os seus representantes legais poderán reclamar, diante da dirección do centro, nun prazo de cinco días, contra as cualificacións finais ou parciais, cando consideren que a cualificación se lles outorgou sen a obxectividade requirida debido a:
 - a) inadecuación da proba proposta ós alumnos, dos obxectivos e de contidos da materia sometida á avaliación e do nivel previsto na programación polo órgano didáctico correspondente;
 - b) incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.

Entre os dereitos contemplados no Real Decreto 1543/1988, xa anticipados pola Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación, figura o de *asociarse creando organizacións de acordo coa legislación vixente*. Precisamente, o artigo 7.1 da LODE establece dito dereito, estipulando no apartado segundo que as asociacións que se creen asumirán, entre outras, finalidades do tipo de:

- expresa-la opinión dos alumnos en todo aquilo que atinxe á súa situación nos centros;
- colaborar no labor educativo dos centros e nas actividades complementarias e extraescolares dos mesmos;
- promove-la participación dos alumnos nos órganos colexiados do centro;
- realizar actividades culturais, deportivas e de fomento da acción cooperativa e de traballo en equipo;

- promover federacións e confederacións, de acordo co procedemento establecido na lexislación vixente.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do Real Decreto 1763/1982, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado en materia de Educación, o Decreto 466/1987, do 17 de decembro (DOG do 4 de xaneiro de 1988), ó tempo que derrogaba a Orde do 16 de xaneiro de 1987, pola que se regulaban as Asociacións Estudiantís na comunidade galega, regulará *ex novo* as Asociacións de Alumnos de centros docentes públicos ou privados de Ensinanzas Medias e de Educación Xeral Básica, a partir do ciclo superior. Asemade, creánse no seo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o censo das Asociacións, Federacións e Confederacións de Alumnos.

Este Decreto engadirá ás finalidades contempladas na LODE, as seguintes:

- facilita-lo exercicio dos dereitos dos alumnos recoñecidos pola lexislación vixente, e en particular polo artigo 6 da LODE;
- asistir ós alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos;
- facilita-la representación e participación dos alumnos nos Consellos Escolares dos centros públicos e concertados e outros órganos colexiados se é o caso.

A partir deste Decreto, en anos posteriores, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia vén convocando axudas destinadas a apoiar e potencia-la realización das actividades que as Confederacións, Federacións e Asociacións de Alumnos que teñen de seu para fomenta-la participación do alumnado naquelas que dean impulso ó labor educativo e faciliteñ o exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente. No ano 1991 mediante a Orde do 8 de abril e por Resolución do 17 de setembro. No ano 1992, por Orde do 20 de marzo (DOG do 9 de abril). Para a concesión destas axudas a comisión que se constitúa tería que formula-las súas propostas de acordo cos seguintes criterios preferentes:

- a) colaborar no labor educativo dos centros e nas súas actividades complementarias e extraescolares;
- b) promove-la participación dos alumnos nos órganos colexiados do centro;
- c) realizar actividades culturais, deportivas e de fomento da acción cooperativa e de traballo en equipos;
- d) facilita-la representación e a participación dos alumnos nos consellos escolares dos centros públicos e concertados e outros órganos colexiados, se é o caso.

En relación cos dereitos dos alumnos, proclamados desde diversos ámbitos, o Consello Escolar estimaría procedente unha acción encamiñada á explicitación daqueles ante a Comunidade escolar. Neste sentido, procedería tamén que se fixese, mesmo de oficio, unha revisión dos regulamentos de réxime anterior dos centros con vistas á súa efectiva adecuación á taboa de dereitos dos alumnos, moitas veces ignorados por mor do extemporáneo mantemento de disposicións regulamentarias internas, herdados de situacións normativas xa caducadas, pero ainda operantes.

IV.5. O SEGURO ESCOLAR

O Seguro Escolar foi establecido en España mediante a Lei do 17 de xullo de 1953 (BOE do 18 de xullo). A súa proposta de implantación trataba de responder á progresiva revisión e expansión do concepto, ámbito e fins da Seguridade Social, que non debía limitarse exclusivamente ás capas máis febles da poboación, senón a todas aquellas nas que verdadeiramente xurda unha necesidade social, en relación cunha función importante para o ben común.

Neste sentido, a Lei considera que o Seguro Escolar se aplicará con carácter obligatorio a todos estudantes españoles que reúnan unha serie de condicións, atendendo a súa más ampla protección e axuda contra circunstancias fortuitas e imprevisibles comenzando a súa aplicación cos estudiantes pertencentes ó Ensino Universitario e de Escolas Técnicas Superiores. Regulamentariamente esténdese a cobertura do seguro escolar ós alumnos de Ensinos Medios. A idade límite para a aplicación do Seguro Escolar ó estudiante será de vinte e oito anos.

As prestacións poden ser obligatorias e complementarias. Son obligatorias nos casos de accidente, enfermidade e infortunio familiar. Son complementarias as de axuda ó graduado.

No caso de accidente, o alumno ten dereito á asistencia médica e farmacéutica e a unha indemnización. A prestación por enfermidade comprende a asistencia médica completa en tódalas especialidades, a farmacéutica nun 70 por cento, a práctica das funcións de medicina preventiva e, no caso de defunción, a indemnización por gastos funerarios. En caso de infortunio familiar a prestación ten por obxecto asegurar ó estudiante a continuidade dos seus estudos e comprende unha pensión anual polo tempo que falte para remata-la carreira e unha indemnización para matrícula e libros.

A axuda ó graduado consiste nos préstamos sobre a honra, que poderán obter dentro dos tres anos seguintes á finalización da súa carreira os asegurados que carezan de medios económicos para establecer las bases da súa vida profesional futura.

Os recursos do Seguro Escolar están constituídos, entre outras partidas, pola contribución do Estado e polas cotas aboadas polos estudiantes. Así mesmo, a Lei sinala que as cargas do Seguro serán cubertas nun 50 por cento polo Ministerio de Educación e Ciencia, coas consignacións presupuestarias correspondentes, e outro 50 por cento polas cotas dos asegurados.

A partir do curso académico 1985-86, o Real Decreto 1633/1985, do 28 de agosto, fixaba unha nova contía da cota e do Seguro Escolar (BOE do 14 de setembro de 1985).

IV.6. O EXERCICIO DO DEREITO Á EDUCACIÓN POLOS GRUPOS MÁIS DESFAVORECIDOS

As desigualdades derivadas de factores persoais, sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doura índole limitan ou, en situacións extremas, impiden que determinadas persoas e grupos sociais participen dunha efectiva igualdade de oportunidades educativas e, consecuentemente, do dereito a recibir unha educación que promova o seu desenvolvemento e integración na sociedade.

En xeral, son colectivos desfavorecidos en función de problemáticas diversas, cun trasfondo histórico ou estructural que comporta unha situación fáctica de desvantaxe para acceder á educación obligatoria e para progresar nos niveis posteriores.

A cotío son persoas que presentan necesidades educativas e sociais nas que se poñen de relevo condicións reais ou potenciais de inadaptación ou marxinación sociais, que o sistema educativo pode contribuír a resaltar mediante actuacións que impliquen a súa discriminación, exclusión, abandono ou fracaso escolares.

Entre estes grupos desfavorecidos cabe menciona-los seguintes:

- poboación escolar de zonas rurais, con dificultades para a preescolarización, a asistencia continuada ós centros educativos ou a un seguimento adecuado da actividade escolar, por falta de recursos, ausencia de expectativas académicas, lingoaxe "restrinxida", etc.;
- xoves entre 14 e 16 anos de idade, desescolarizados e imposibilitados legalmente para realiza-la transición da formación ó traballo, con déficits e carencias relevantes de cara ós procesos de inserción sociolaboral; refractarios á institución escolar e a calquera dos procesos que se asocien a unha educación formal na que fracasaron;
- poboación itinerante (xeralmente por motivos laborais da súa familia), con continuos desprazamentos que coartan a súa integración na dinámica escolar;
- as minorías étnicas, en particular a poboación xitana, inmersa nun sistema cultural diferenciado, incompatible con determinadas actuacións e procesos promovidos pola institución escolar; o que provoca situacións de desescolarización e absentismo, marxinalidade, conflictos familia-escola, etc.;
- as comunidades de inmigrantes, cada vez más notorias en diversidade e magnitud, con dificultades evidentes na integración social e no sistema educativo, sexa por razóns culturais, étnicas, lingüísticas, etc.;
- persoas con necesidades educativas especiais de carácter temporal ou permanente, con orixe en minusvalías físicas, sensoriais ou psíquicas, que repercuten nas súas posibilidades de acceder ós centros escolares, segui-las súas ensinanzas e, sobre todo, de integrarse plenamente nos mesmos.

Fronte a estas situacións, nas que é constatable a existencia de individuos ou grupos que pertencen á vez a dúas ou máis destas categorías, as Administracións Educativas (Central, Autonómicas, Locais) teñen emprendido intervencións de alcance sociopolítico, lexislativo e organizativo, esencialmente mediante programas específicos de Educación Compensatoria e integración escolar, destinados a compensar, paliar ou corrixi-las deficiencias aludidas, incrementando en calidade e cantidade as estratexias, iniciativas ou apoios ós suxeitos, familias, escolas e medio social de referencia.

IV.7. O PROGRAMA DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA

A Educación Compensatoria xorde como consecuencia e efecto do principio de igualdade de oportunidades educativas e sociais. Ten por obxecto contribuír a resolve-lo problema da desigualdade que afecta a persoas e grupos necesitados dunha atención específica por razóns de natureza económica, social, xeográfica, cultural, etc.; tamén por razóns de índole educativa relacionadas con limitacións dunha realidade deprimida na que se constaten taxas elevadas de abandono escolar (na educación básica e na formación profesional), analfabetismo, desescolarización e absentismo, dificultades de preescolarización, etc. Zonas, en definitiva, para as que sexa preciso aplicar criterios de actuación educativa preferente (discriminación positiva).

En España, as actuacións que se acollen á denominación de "Educación Compensatoria" desenvolveñense mediante o Programa creado polo Real Decreto 1174/1983, do 27 de abril (BOE do 11 de maio), xestionado desde a súa orixe pola Dirección Xeral de Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia, a través da Subdirección Xeral de Educación Compensatoria, que dispón as liñas xerais do Programa, distribúe os seus recursos e o supervisa, por dúas vías diferentes:

- a) a través das Direccións Provinciais do Ministerio de Educación e Ciencia (territorio MEC), que poñen en práctica as actuacións do programa de acordo cos proxectos realizados e a dotación de recursos que se lles adscriben;
- b) a través de convenios coas Comunidades Autónomas que teñen competencias plenas en educación, caso de Galicia.

O Programa desenvolverase segundo o establecido no seu artigo 1 "*en beneficio daquelas zonas xeográficas ou grupos de poboación que polas súas especiais características requiren unha atención educativa preferente*", sendo os seus obxectivos e accións específicas as seguintes:

- creación de equipos de apoio que, con base en centros de recursos situados en "zonas declaradas de Acción Educativa Preferente" (ZAEP) proporcionen axuda ós centros docentes; a asistencia será prioritaria cando se constaten desfasaxes entre o curso académico e a idade do alumnado, e a asistencia alcanzará a centros de educación con menos de tres unidades, que sendo incompletos imparten Educación Xeral Básica completa, ou con outros indicadores de infradotación ou baixa calidade do ensino;
- incentivación da continuidade do profesorado en centros docentes que resulten de difícil provisión en caso de vacantes;
- establecemento de cursos especiais para xoves de 14 e 15 anos non escolarizados a fin de proporcionarles formación ocupacional e completa-la formación xeral recibida na Educación Xeral Básica;
- desenvolvemento de campañas de alfabetización para a erradicación do analfabetismo áinda existente, de acordo coas características dos alumnos;
- creación de modalidades específicas de axudas ó estudio;
- outras accións que resulten oportunas para cumprir os fins do programa: investimentos en obras e equipamentos, etc.

Tras máis dunha década de implantación no sistema educativo español, a actual política de Educación Compensatoria oriéntase na actualidade cara a dous tipos de logros:

- a) consolidación das súas iniciativas e programas, promovendo a inserción das estruturas consolidadas e consideradas como útiles no sistema escolar, entre outras, a adscrición das aulas ocupacionais a centros ordinarios;
- b) ampliación das súas actuacións cara a outros grupos ou sectores con desigualdades específicas: alumnos hospitalizados, feirantes, temporeiros, etc.

Polo demais, as áreas de atención nas que basicamente está estructurado o Programa de Educación Compensatoria en España son as seguintes:

- Actuacións en *zonas rurais*: o Programa nestas zonas ten como obxectivo mellora-la infraestructura das instalacións, palia-lo illamento da escola, procurar modelos organizativos e pedagóxicos adaptados, atender ó alumno de preescolar non escolarizado e realizar programas específicos para as deficiencias educativas que se detecten.
- Proxectos en *centros educativos*: teñen como fin atender a grupos de alumnos con deficiencias socioculturais relevantes, e implantar proxectos que eviten o desfase curso-idade e o abandono prematuro da escola.
- *Aulas ocupacionais para xoves desescolarizados*: destinadas a completa-la súa formación básica, prepara-la súa reinserción no sistema educativo e/ou a súa inserción no sistema productivo e adapta-la oferta educativa ás características desta poboación.
- *Poboación itinerante* (feirantes, temporeiros, espectáculos, etc.): ten como obxectivos escolarizar a suxeitos que pertencen a estes grupos sociais, con estruturas adaptadas á súa itinerancia e dar continuidade ó proceso educativo que poden vivenciar en diferentes escolas.
- *Minorías culturais* (poboación xitana e emigrantes): ten como fin escolarizar á poboación de 4 a 14 anos, regulariza-la súa asistencia á escola, evita-lo abandono prematuro, mellora-lo rendemento escolar e ensina-la lingua e cultura de orixe.

Nesta liña, de acordo cos preceptos constitucionais que reclaman actuacións orientadas á igualdade de oportunidades, o título quinto da LOXSE, nos artigos 63 ó 67, determina que os poderes públicos desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se atopen en situacións de desvantaxe con respecto ó resto da poboación, a causa de factores socioculturais, económicos, etc. Para isto, o Estado poderá proponer ás Comunidades Autónomas programas específicos, cunha realización que se efectuará mediante convenio entre ámbalas dúas instancias, correspondendo a execución do acordado ás Comunidades Autónomas.

A aplicación do Programa de Educación Compensatoria en Galicia remontase ó curso académico 1983/84, situándose a súa orixe no convenio de colaboración que suscriben, en outubro de 1983, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

As primeiras iniciativas consistirán en tarefas de apoio destinadas ós alumnos de 14 e 15 anos que asisten a centros escolares de EXB, participando na súa realización 47 profesores deste nivel educativo; por outra parte, sen que áinda se poñan en funcionamento, comenzañ començan a dotarse de material didáctico os Centros de Recursos.

No curso 1984/85 incorpóranse ó Programa de Educación Compensatoria as experiencias de "preescolar na casa"; comenza a modalidade combinada EXB-FP, dirixida a alumnos de formación profesional con graves deficiencias en técnicas instrumentais; créanse os Centros de Recursos regulamentando o seu funcionamento (Orde do 28 de xaneiro de 1985; DOG do 15 de febreiro); regulaméntanse e teñen lugar as primeiras "estancias quincenais en escolas fogar" para alumnos de segunda etapa de centros incompletos de EXB (menores de 8 unidades) (Orde do 28 de xaneiro de 1985; DOG do 19 de febreiro). Asemade, pónense en marcha programas de apoio a estes centros a través de equipos de profesores que desenvolven de xeito itinerante tarefas de formación dirixidas a alumnos de segunda etapa do ensino xeral básico.

No curso 1985-86 manténense -sen a penas innovacións- tódolos sub-programas do curso anterior, incorporándose asemade o de "apoio a poboacións marxinais". Xa no curso 1986/87, e a partir dos sub-programas anteditos, amplíanse ou reformúlanse dúas modalidades:

- os equipos psicopedagóxicos de apoio que interveñen en tódolos centros públicos da Comunidade Autónoma, prioritariamente naqueles que están a desenvolver proxectos de integración educativa;

- o "plano especial de docencia a xoves sen escolarizar", que suporá a impartición, en centros de Educación Permanente de Adultos, de cursos a rapaces con idades comprendidas entre os 14 e os 16 anos.

Desde entón seguiranse suscibindo convenios entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxectivo de reforza-la infraestructura administrativa e de recursos materiais e persoais necesarios para a execución das distintas actuacións. Neste sentido cabe subliñar que as cantidades asignadas pola Administración Central á Comunidade Autónoma coa finalidade de desenvolve-lo programa de Educación Compensatoria en Galicia son, para os cursos de referencia, as que seguen na táboa IV.6.

TÁBOA IV.6

RECURSOS ECONÓMICOS DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA. GALICIA-ESPAÑA

CURSO	TOTAL ESPAÑA	CA DE GALICIA	%=(1)/(2)
	Millóns de Ptas. (aprox.) (2)	Millóns de Ptas. (aprox.) (1)	
1983/84	1.900	126	6,63
1987/88	5.952	257	4,32
1991/92	7.067	257	3,64
1983-1992	48.687	2.065	4,24

FONTE: CURRÁS, C. (1994): "El programa de Educación Compensatoria en Galicia: análisis de una década (1983-93)". *Tese de Doutoramento*, Universidade de Santiago de Compostela, p. 127.; Consello Escolar do Estado. *Informes sobre el estado y situación del sistema educativo*, para os cursos citados.

No ano 1991, a cantidade exacta asignada ó desenvolvemento do Programa de Educación Compensatoria en Galicia supuxo un total de 256.668.951 ptas. Neste presuposto quedaban incluídos os gastos de funcionamento dos centros de recursos, axudas a centros para profesores itinerantes, gastos de funcionamento a centros que atenden a minorías étnicas, preescolar na casa e retribución do profesorado.

Polo que se refire ás actuacións lexislativas e normativas promovidas por iniciativa da Comunidade Autónoma hai que destacar, pola súa reiteración, as relacionadas con:

- creación e supresión de centros de recursos,
- regulación das estancias quincenais en escolas fogar,
- convocatoria para a provisión de prazas de profesores itinerantes, profesores con destino en centros de recursos, e en centros de EXB que escolarizan a poboación xitana,
- adxudicación, por diferentes sistemas, de material bibliográfico, audiovisual, didáctico, instalación de mobiliario, etc. con destino a bibliotecas de aula e centros de recursos, e
- creación do centro de Educación Compensatoria en Santiago de Compostela.

Unha análise máis pormenorizada das iniciativas vinculadas ó Programa de Educación Compensatoria en Galicia é constatable a través dos diferentes sub-programas desenvoltos a partir do curso académico 1983/84. Concretamente:

- Centros de Recursos
- Servicios de Apoyo a centros incompletos
- Apoyo ós alumnos de 14-15 anos

- Preescolar na casa
- Poboación marxinada (minorías culturais).

7.1. Sub-programa "Centros de Recursos".

Foron creados por Orde do 28 de xaneiro de 1985 (DOG do 15 de febreiro), *"coa dobre finalidade de proporcionar recursos didácticos ó profesorado daqueles centros más carenciais, así como asesoramento para a súa utilización didáctica e para que os profesores contén cun centro onde poidan producir e intercambiar material e experiencias didácticas, todo isto orientado á dinamización da escola"*. Neste sentido pretenden satisface-las seguintes finalidades:

- inventario, almacenaxe e coordinación da distribución do material didáctico facilitado pola Administración;
- elaboración de material didáctico, coordinando a súa distribución ó profesorado, especialmente nos centros escolares que evidencien carencias más acusadas;
- asesoramento ó profesorado da zona de influencia sobre o manexo do material e a súa utilización didáctica.
- a súa utilización como centro de reunión do profesorado para producir e intercambiar material e experiencias didácticas.

Desde a súa implantación (curso 1984/85), as actuacións máis relevantes da Administración Educativa tiveron como punto de atención: a adaptación e reparación de locais, a asignación de presupuesto económico para o seu funcionamento, a dotación de mobiliario e material, a adscrición de profesorado.

Os 39 centros existentes na actualidade (ós que están adscritos un total de 40 profesores) teñen a súa sede en colexios de Educación Básica, cun profesor dedicado en exclusiva á súa organización e funcionamento. A súa distribución municipal e por provincias é como segue (indícase ano de creación):

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
1985	Pobra Caramiñal, A Santiago Comps Ferrol Coruña, A Melide Vimianzo	Pedrafita (Samos) Monforte Fonsagrada, A Vilalba Cervantes Burela	Verín Viana do B. Bande Carballiño Ourense Barco Valdeorras	Tui Ponteareas Pontevedra, 2 Bueu Cambados Baiona Vigo, 2 Redondela Estrada, A Lalín
1986	Ortigueira Pontedeume Noia Cee Carballo Ordes			
1989		Lugo Chantada		
1991		Sarria (suprímeso CERE de Samos)		

DISTRIBUCIÓN DOS CENTROS DE RECURSOS

Mapa que mostra a distribución dos centros de recursos en Galicia entre os anos 1985 e 1991. Os símbolos representan os seguintes anos: 1985 (punto), 1986 (cuadro), 1989 (triángulo) e 1991 (estrela).



As funcións dos Centros de Recursos consisten en: elaboración de material audiovisual e didáctico; préstamo de material; apoio a centros en temas audiovisuais (fotografía, diapositivas, gravações de vídeo, etc.); maior apoio a escolas unitarias e centros de poucas unidades situadas nas zonas rurais, sendo notable, polo xeral, a súa contribución para o desenvolvemento educativo.

7.2. Sub-programa de "Servicios de Apoyo a centros incompletos".

Inicialmente, os Servicios de Apoyo deseñáronse en función de tres modalidades de actuación:

- a) *equipos psicopedagógicos de apoio*: teoricamente orientados a intervir en tódolos centros públicos da Comunidade Autónoma Galega, con prioridade nos que promovían proxectos de integración escolar.
- b) *profesores itinerantes*: o seu obxectivo básico e máis xeral residiría en apoia-lo desenvolvemento das escolas localizadas en zonas rurais deprimidas, contribuíndo a evita-lo illamento dos mestres que exercen nelas, promovendo o traballo conxunto, colaborando na atención directa ós alumnos, etc..
- c) *estancias quincenais en escolas fogar*: segundo a Orde do 28 de xaneiro de 1985, pola que se regula o seu funcionamento, ratificada por ordes promulgadas con posterioridade ano a ano, os obxectivos que pretenden conseguir, ademais dos normais do currículum, xiran arredor da profundización no tratamento daqueles aspectos do mesmo máis desatendidos, da realización de actividades orientadas ó estudio do contorno no que se sitúa a escola fogar e da análise comparativa co contorno propio, e do fomento de hábitos de convivencia con compañeiros doutros ámbitos xeográficos.

Na práctica, este sub-progama ten decantado as súas actuacións cara ás dúas últimas modalidades.

A modalidade de *profesores itinerantes*, que iniciou a súa implantación no curso escolar 1984-85 cunha dotación de 13 profesores (3 na provincia da Coruña, 6 na de Lugo e 4 na de Ourense), tiña adscritos no curso escolar 1992-93 a tan só 8 profesores (3 na provincia de Lugo e 5 na de Ourense), coa función básica de apoiar a centros incompletos que atenden a alumnos de ciclo superior (centros ós que veñen realizando aproximadamente cen visitas por ano). Este labor de apoio adoita estar referido a: colaboración cos profesores das zonas rurais na planificación e desenvolvemento das áreas curriculares, dinamización da actividade escolar, coordinación e potenciación das funcións dos centros de recursos nesas escolas, fomenta-la convivencia con alumnos doutros lugares.

As *estancias quincenais nas escolas fogar* comenzaron o seu funcionamento no marco do Programa de Educación Compensatoria a partir do ano 1985 (Orde do 28 de xaneiro, pola que se convocan estadías nas escolas fogar de Becerreá e Quiroga, en Lugo; e Mariñamansa, en Ourense). En anos posteriores amplíaronse estas estancias ás escolas fogar dos concellos de Sarria (Lugo, 1986) e Porto do Son (1987, A Coruña). Neste último concello tiveron lugar as únicas estadías celebradas entre 1988 e 1990, ano desde o que non volveu a ser convocada esta actividade. Por termo medio implicou a un total de 150 alumnos por ano, cun máximo de 13 profesores.

7.3. Sub-programa de "Apoio ós alumnos de 14-15 anos".

Os seus inicios sitúanse no curso escolar 1983/84, implicando a un total de 47 profesores e a máis de 800 alumnos, en 32 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia: 11 na provincia da Coruña, 5 na de Lugo, 6 na de Ourense e 10 na de Ourense.

Pola súa filosofía no contexto do Programa de Educación Compensatoria, trátase dun sub-programa orientado á recuperación de alumnos comprendidos entre estas idades, que non tiñan posibilida-

de de consegui-lo Graduado Escolar, que presentaban unha elevada inadecuación idade-curso con múltiples lagoas na súa formación, asemade de intenta-la súa integración escolar e social.

Na práctica esta iniciativa de educación compensatoria acabouse concretando en tres modalidades relativamente diferenciadas:

- a) *apoio a alumnos de 14 e 15 anos en centros ordinarios de EXB*: funciona exclusivamente no curso escolar 1983-84, coas magnitudes expresadas con anterioridade.
- b) *Experiencia mixta EXB-FP*: baixo esta denominación desenvólvense, nos cursos académicos 1984/85 e 1985/86, experiencias dirixidas a proporcionar, ós alumnos que se incorporaban ó primeiro curso de Formación Profesional sen teren obtido o Graduado Escolar, os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes, mínimos necesarios para a súa integración nos Ensinos Medios. Participaron na mesma un total de 20 profesores (nos dous cursos) e 166 alumnos, nun máximo de 12 concellos galegos: 5 na provincia da Coruña, 2 na de Lugo, 1 na de Ourense e 4 na de Pontevedra. No curso 1986/87, tralo convenio Xunta de Galicia-INEM, para desenvolver cursos de formación ocupacional, as Direccións Xerais de Ensino Básico e de Ensinanzas Medias resolveron suprimi-lo Programa.
- c) *Apoio a alumnos de 14 e 15 anos en centros de Educación Permanente de Adultos*: Trátase dun sub-programa iniciado no curso escolar 1985/86, cunha dotación de 20 profesores adscritos a cinco centros de Educación de Adultos (Aulas Ocupacionais), cun impacto en aproximadamente 2.000 alumnos. Por concellos, a súa localización, en distintos anos e desde 1985 ata 1992 é como segue: Ferrol, A Coruña e Narón (na provincia da Coruña); Ribadeo, Sarria, Vilalba, Viveiro e Cervo (na provincia de Lugo); Ourense; e Vigo, Pontevedra, Vilagarcía e Redondela (na provincia de Pontevedra). A actividade académica promovida ten sido fundamentalmente de carácter extracurricular: cursos monográficos (cociña, contabilidade, corte e confección, iniciación a instrumentos musicais, etc.); obradoiros de tipo ocupacional (mecanografía, modelado, encadernación, fotografía, etc.); e actividades socioculturais (visitas culturais, excursións, charlas, audicións, etc.).

7.4. Sub-programa "Preescolar na casa".

Como proxecto de intervención educativa no medio rural da provincia de Lugo data do ano 1977, sendo a Entidade promotora Cáritas de Galicia. Na súa promoción contribuíron con colaboracións de diferente tipo entre outras institucións, o Ministerio de Educación e Ciencia, o Ministerio de Presidencia do Goberno, Caixa Galicia, Fundación Santa María, etc.

Coa transferencia de competencias en materia educativa á Xunta de Galicia, a experiencia inclúese nos programas de Educación Compensatoria a partir do curso escolar 1984/85.

Basicamente consiste nunha acción educativa con nenos do medio rural galego de menos de seis anos "*levada a cabo na casa polos pais, aproveitando o medio e a relación afectiva familiar e utilizando un material didáctico adecuado, previa unha orientación periódica, programada e sistematizada por persoas capacitadas*". Como elementos persoais na súa realización interveñen diferentes figuras: orientadores, animadores, coordinador, equipo responsable. Para os cursos de referencia utilizados neste informe, as cifras básicas de docentes e alumnos queda reflectido na seguinte táboa:

TÁBOA IV.7
PREESCOLAR NA CASA: PROFESORES E ALUMNOS

CURSO	PROFESORES	ALUMNOS
1983/84	18	1.569
1987/88	22	1.924
1991/92	22	2.762
1983-1992	22 (máximo)	18.523

No curso escolar 1992/93 o número total de alumnos que seguen esta modalidade de educación preescolar é de 2583, dos que 1332 son atendidos con cargo ás contribucións da Consellería de Educación. Ós 22 profesores que participan pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como funcionarios en comisión de servicios, hai que sumar 23 contratados para atender a grupos de pais con nenos entre cero e tres anos, e algúns voluntarios que fan reunións na súa zona de residencia, o que explica ese contraste enunciado de alumnos inscritos no sub-programa.

Para o desenvolvemento deste sub-programa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia destinou no curso 1992/93 un total de 11 millóns de pesetas. As demais subvencións proveñen do Ministerio de Asuntos Sociais (45 millóns de pesetas) e de convenios suscritos entre a Consellería de Traballo e Servicios Sociais e os Concellos.

Desde setembro de 1990 emítese un programa semanal na televisión autonómica, ó que hai que engadir os programas radiofónicos que se emiten desde os inicios da década dos oitenta; tamén a revista mensual destinada ós pais dos alumnos, cunha edición que supera os 3.000 exemplares. A iniciativa "Infancia 93" do Ministerio de Asuntos Sociais recoñeceu o labor desenvolto concendendo ó programa diversos premios. Así mesmo ten sido presentado en foros internacionais, entre eles Pedagogía, 93, en Cuba, sendo obxecto de interese noutros países.

7.5. Sub-programa destinado á poboación marxinada (minorías culturais).

A Educación Compensatoria dirixida a minorías culturais e étnicas enfócase principalmente á poboación xitana, estendéndose nos últimos anos tamén a sectores inmigrantes de diversas nacionalidades. Neste ámbito, as accións emprendidas teñen como obxectivo a escolarización da poboación infantil destes colectivos, a regularización da súa asistencia á escola e a evitación do seu abandono, e a atención das características peculiares de cada un dos sectores.

En Galicia, este sub-programa ten como referente case exclusivo o colectivo xitano, que segundo o estudio elaborado pola Consellería de Traballo e Servicios Sociais da Xunta de Galicia ten 6.754 personas que residen na Comunidade Autónoma (ano 1991). De acordo co mesmo estudio, o 34 por cento son nenos e nenas con idades comprendidas na escolaridade obligatoria (de 6 a 15 anos).

Os nenos xitanos escolarizados en Galicia eran aproximadamente 1.600, en porcentaxe preto do 100 % ata os 9 anos, decrecendo ó 85 por cento entre 9 e 11 anos e chegando ó 50 por cento no período de 12-13 anos. Dos alumnos escolarizados, 268 asisten temporalmente a centros específicos. Trátase de alumnos que, pola súa traxectoria escolar (itinerantes, escolarización tardía, forte retraso escolar, etc.) teñen dificultades para a súa integración nun centro ordinario. Esta situación afecta a un 16,7 % dos alumnos; o 83,3 % restante asiste, desde a súa incorporación á escola, a centros ordinarios.

O sub-programa de Educación Compensatoria para o apoio ó ensino de nenos xitanos comenza a funcionar no curso académico 1985/86 cunha asignación de 13 profesores de EXB en centros específicos da Coruña, Ferrol, Lugo e Poio. No ano 1988 créase o "Centro de Educación Compensatoria" de Santiago de Compostela. Desde o curso 1989/90 ata o curso 1992/93 inclúense no sub-programa outros

centros específicos, de xeito tal que neste momento ocúpanse do mesmo un total de 22 profesores para 268 alumnos. A súa distribución, segundo datos facilitados pola Xunta de Galicia, é como segue. En "O Carqueixo" (Lugo): 64 alumnos; en "Bao" (Pontevedra): 30; en "Cornazo" (Vilagarcía): 20; en "Carballal-Villestro" (Santiago de Compostela): 29; en "Calo", "A Porciúncula" e "A Silva" (todos na Coruña): 72; en "Chavorre" (Ferrol): 53.

Os centros específicos, ademais da dotación económica ordinaria asignada a cada centro con carácter xeral, reciben unha cantidade adicional de 100.000 pts. por unidade/ano, a fin de potencia-lo funcionamento de talleres diversos.

Polo demais, o número de centros que recibían apoio (ano 1992) era de 26, todos eles de Educación Infantil e Primaria. O número de alumnos xitanos integrado en centros ordinarios e que recibe apoio específico era de 442.

A partir do ano 1990, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia vén convocando axudas para desenvolver programas de alfabetización por parte de concellos e outras institucións de titularidade pública ou privada. En base a dita convocatoria subvenciónase cada ano un programa de alfabetización organizado pola Asociación Chavós en Ferrol, Santiago de Compostela e A Coruña, para poboación xitana adulta.

As accións realizadas teñen suposto un avance importante en canto á normalización da escolarización da poboación xitana en réxime de integración, sobre todo nos primeiros niveis. Non obstante, aínda non se alcanzou o obxectivo de prescindir dos centros específicos que, se ben diminúen progresivamente a súa matrícula, mantéñense como alternativa ás dificultades de integración deste colectivo na rede escolar.

IV.8. EDUCACIÓN NO EXTERIOR

A acción educativa española no exterior oriéntase basicamente a atende-las necesidades da poboación española que vive no estranxeiro, contribuíndo ó tempo á proxección exterior da lingua e a cultura.

Fundamentalmente, esta poboación permite diferenciar duas categorías:

- a) emigrantes que estableceron a súa residencia en países e zonas xeográficas distintos e en momentos diferentes: un grupo de poboación emigrado ós países industrializados europeos nas décadas dos sesenta e setenta, cunha poboación escolar que constitúe a segunda e terceira xeracións; outro grupo de poboación escolar, de cuarta e quinta xeracións, que manteñen a nacionalidade española, resultado das emigracións de principios de século e décadas posteriores á América do Centro e do Sur.
- b) españois non emigrantes, que como funcionarios e traballadores en empresas, Organismos e Entidades de diversa natureza teñen un destino provisional no exterior, xunto con otros grupos proporcionalmente minoritarios que están establecidos de xeito permanente en antigas colonias e protectorados españois.

Globalmente, tras producirse un estancamiento ou mesmo un retroceso nos movementos migratorios, trátase dunha poboación escolar que se sitúa arredor dos 50.000 alumnos, dos que un número relevante -aínda que impreciso- teñen orixe familiar en Galicia.

O desenvolvemento das actuacións educativas no exterior, a favor dos emigrantes, está condicionada a cotío por factores de diversa índole. Entre outros: os niveis de necesidade e demanda por parte desa poboación, as tendencias da política social e educativa en materia de emigración, os recursos económicos disponibles para a xeración de equipamentos e programas, as características e volume dos movementos migratorios, etc.

Nos últimos anos, as actuacións das autoridades educativas españolas en relación cos centros escolares ordinarios situados no exterior toman camiño en dúas vías complementarias: a primeira orientada a mellora-la calidade dos centros mediante investimentos en recursos docentes e selección do profesorado a través de concursos de méritos; a segunda, enfocada a promove-la democratización educativa con medidas similares ás contempladas no desenvolvemento do sistema educativo en España: remodelación das estruturas directivas, incremento dos niveis de participación, etc.

A Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, establece no seu artigo 12.1 que os centros docentes españois no estranxeiro terán unha estructura e un réxime singularizados, a fin de acomodalos ás esixencias do medio e ó que, no seu caso, disponan os convenios internacionais.

Asemade, a situación dos españois residentes no estranxeiro derivada do novo marco xurídico configurado como consecuencia da adhesión de España ás Comunidades Europeas e a necesidade, así mesmo, de garanti-la unidade da acción educativa no exterior, aconsellaron modifica-la ordenación das ensinanzas impartidas ós emigrantes españois, incluíndo unha redistribución de competencias nesta materia entre distintos Ministerios. Ó que tamén se engade a necesidade de instrumentar mecanismos de participación dos diferentes sectores da comunidade escolar española, adecuados ás condicións especiais de cada país e consecuentes cos principios establecidos pola LODE.

Estes requirimentos terán resposta no Real Decreto 564/1987, do 15 de abril, polo que se regula a acción educativa no exterior (BOE do 29 de abril) hoxe derogado polo Real Decreto 1027/1993, do 25 de xuño. De acordo coas súas disposicións xerais, o Estado español desenvolverá programas de acción educativa que permitan atende-las necesidades da poboación española no exterior, responder ás demandas da poboación non española e contribuir á proxección exterior da lingua e cultura españolas, así como facilitar ós españois o acceso á educación e cultura no estranxeiro.

Esta acción educativa no exterior incluirá a promoción e organización de:

- ensinanzas regradas do sistema educativo español, dirixidas a alumnos españoles e estranxeiros;
- ensinanzas de determinadas áreas do sistema educativo español que complementen as propias de sistemas educativos doutros países, dirixidas a alumnos españoles e estranxeiros;
- ensinanzas de lingua e cultura españolas dirixidas a alumnos españoles escolarizados en sistemas educativos dos países onde residen;
- ensinanzas de lingua e cultura españolas dirixidas a cidadáns de nacionalidade distinta da española.

O acceso dos alumnos a estes tipos de ensinanza está en función de diversos factores para cada sector do alumnado, dos que poden destacarse:

- a) de carácter externo ó ámbito educativo: a situación de residencia das familias, eventual ou permanente,
- b) de tipo infraestructural: segundo os equipamentos e centros disponibles nos distintos países onde residen os alumnos.

Atendendo a estas circunstancias, a escolarización poderá ter lugar en calquera das seguintes Institucións:

- Centros docentes de titularidade do Estado español.
- Centros docentes de titularidade mixta, con participación do Estado español.
- Seccións españolas de centros docentes de titularidade estranxeira.
- Centros de titularidade estranxeira nos que se imparten, en réxime integrado, ensinanzas de lingua e cultura españolas para os alumnos españoles escolarizados nos mesmos.
- Aulas de lingua e cultura españolas, organizadas no seo de agrupacións para alumnos españoles que non poidan gozar do réxime integrado ó que se refire o apartado anterior.

Correspóndeelle ó Ministerio de Educación e Ciencia establece-los requisitos esixibles ós españoles para a validación dos seus estudos non universitarios realizados en sistemas educativos doutros países polos seus correspondentes españoles e os supostos en que tal validación puidera producirse, dentro da normativa xeral sobre validacións de estudos estranxeiros. A regulación do procedemento tendréa a simplifica-los trámites pertinentes, que se realizarán a través das Oficinas Consulares.

Nos países onde o volume de actividade educativa española así o requira, existe unha Agregaduría de Educación á Embaixada de España. Ditas Agregadurías son creadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores, a proposta do de Educación e Ciencia.

Cabe engadir que no Real Decreto figura un Anexo no que consta a relación de centros públicos españoles no estranxeiro: de Educación Xeral Básica (en Andorra, París, Londres, Lyon, Tánxer, Tetuán, Larache, Bata e Malabo), de Ensinanzas Medias e Educación Xeral Básica (en Bogotá, Lisboa, Londres, Roma, Alhucemas, Casablanca e Nador) e de Ensinanzas Medias (en Andorra, París, Tánxer e Tetuán).

Non debe obviarse a problemática suscitada na poboación emigrante que retorna tras varios anos de estadía no estranxeiro, que en relación coa educación dos seus fillos presenta dificultades relativas, entre outros aspectos, a:

- conseguir un posto escolar adecuado para que estes fillos poidan continua-los estudos en España;
- obte-lo recoñecemento ou a validación dos estudos cursados ou dos diplomas obtidos no estranxeiro;
- acceder ó mundo laboral en función das titulacións e experiencia acumulada no extranxeiro.

IV.9. OS SERVICIOS DE ORIENTACIÓN ESCOLAR E PROFESIONAL

Xa na Lei Xeral de Educación de 1970, no seu artigo 9.2, dispoñíase que "*a orientación educativa e profesional deberá constituir un servicio continuado ó longo de todo o sistema educativo, que atenderá á capacidade, aptitude e vocación dos alumnos e facilitará a súa elección consciente e responsable*". Este servicio adquire a condición dun dereito básico no artigo 6.1.g da Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación (LODE, 1985), para quedar posteriormente refrendado no artigo 20 do Real Decreto 1543/1988, do 28 de outubro (BOE do 26 de decembro), sobre dereitos e deberes dos alumnos, onde se establece que:

- Os alumnos teñen dereito a recibir orientación escolar e profesional para alcanza-lo máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as capacidades, aspiracións ou intereses. A tal fin a Administración Educativa establecerá os recursos necesarios.
- De maneira especial, coidarase a orientación escolar e profesional dos alumnos con dificultades físicas ou psíquicas ou con carencias sociais ou culturais.
- A orientación profesional basearse unicamente nas aptitudes e aspiracións dos alumnos e das alumnas con exclusión de toda diferenciación por razón de sexo. Desenvolverán as medidas de acción positiva necesarias para garantir nesta materia a igualdade de oportunidades.
- Para facer efectivo o dereito dos alumnos á orientación escolar e profesional, os centros recibirán o apoio necesario da Administración educativa, que poderá promover a tal fin a cooperación con outras Administracións e Institucións.

Finalmente, na Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990, faise referencia á orientación no seu Preámbulo, nos artigos 2 e 60, así como na disposición adicional 3º, incluíndo como parte da función docente a titoría e orientación e establecendo o dereito do alumnado a recibir esta nos eidos psicopedagóxico e profesional. Textualmente, no artigo 60 da Lei, asóciase a satisfacción deste dereito ós factores que favorecen e melloran a calidade do ensino. Para isto:

1. A titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente. Corresponde ós centros educativos a coordinación destas actividades. Cada grupo de alumnos terá un profesor titor.
2. As Administracións educativas garantirán a orientación académica, psicopedagólica e profesional dos alumnos, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas e á transición do sistema educativo ó mundo laboral, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios que condicionan o acceso ós diferentes estudos e profesións. A coordinación das actividades de orientación levarase a cabo por profesionais coa debida preparación. Así mesmo as Administracións educativas garantirán a relación entre estas actividades e as que desenvolvan as Administracións locais neste eido.

Con todo, se atendemos á traxectoria destes servicios dende o ano 1970 ata praticamente o final de 1982, cabe destacar tres tipos de actuacións:

- a) Orientación escolar na Educación Especial: neste caso tratábase dunha orientación ó servizo da avaliación pluridimensional do alumno, realizada por equipos multiprofesionais ó obxecto da determinación da procedencia da Educación especial. A súa área de intereses quedaba vinculada, pois, a suxeitos con algún tipo de minusvalías.
- b) Servicios de orientación na EXB: foron regulados pola Orde do 30 de abril de 1977 (BOE do 13 de maio), atribuíndolle funcións como as seguintes:
 - dirixir ou realizar, no seu caso, as tarefas de orientación escolar persoal e vocacional dos alumnos, especialmente nos momentos críticos da súa escolaridade e da súa madurez psicobiolóxica,

- asesorar e prestar axuda ó profesorado de Educación Xeral Básica na súa función titorial,
- informar ós pais, profesores e alumnos das posibilidades de estudio e perspectivas profesionais nos ámbitos provincial e nacional,
- proponer traballos de investigación sobre os procesos da aprendizaxe escolar nas distintas áreas culturais,
- cooperar co Instituto Nacional de Educación Especial ou, máis tarde, coa Administración Educativa, na localización e diagnóstico dos alumnos necesitados de Educación Especial.

Os servicios foron organizados a nivel provincial contando con persoal técnico especializado nomeado de entre os profesores de EXB que reunían determinadas condicións de titulación e/ou experiencia.

- c) *Servicios de Orientación no Bacharelato e Formación Profesional:* As funcións de orientación educativa e profesional nos Institutos de Bacharelato e nos centros de Formación Profesional foron determinadas na Orde do 28 de setembro de 1982 (BOE do 6 de outubro), pola que se regula o funcionamento dos Institutos de Orientación Educativa e Profesional, encomendándollellos "*o exame dos alumnos nos cursos que se consideren críticos para a súa canalización inicial e elección de estudios e emprego, atendendo á súa vocación, aptitudes e oferta de postos de trabalho*". Estes Institutos, de carácter provincial, erán coordinados polo Instituto de Orientación Educativa e Profesional, que estaba encadrado no Patronato de Promoción da Formación Profesional, ata a súa desaparición como Organismo Autónomo.

A diversificación de tarefas e funcións que se expresa ó longo deste período semella quedar definitivamente superada a partir das medidas que se adoptan en materia de Orientación Escolar e Profesional desde os anos centrais da década dos oitenta, e moi significativamente, a teor das funcións que se atribúen ás Unidades ou Departamentos de Orientación nos Centros escolares, contempladas no capítulo XV do *Libro Blanco sobre la Reforma del Sistema Educativo* (MEC, 1989) e no documento que baixo o título *La Orientación Educativa y la Intervención Psicopedagógica*, foi elaborado pola Subdirección Xeral de Programas Experimentais do Ministerio de Educación e Ciencia. Na enumeración destas funcións son salientables as que aluden a:

- axudar ós alumnos a conseguir unha boa integración no Centro Educativo e no grupo dos compañeiros, sendo sumamente necesaria nos momentos de transición: chegada ó centro ou cambio de ciclos;
- informar, asesorar e orientar, de xeito personalizado, ó alumnado en toda opción que deba tomar diante de distintas posibilidades educativas ou profesionais;
- coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e titoría, así como participar nas actividades de avaliación que os profesores realizan cos seus correspondentes grupos de alumnos;
- contribuír ós elementos personalizadores da educación: adaptacións curriculares, programas de desenvolvemento, reforzos ou apoios psicopedagóxicos, etc;
- preve-los posibles problemas da aprendizaxe dos alumnos axudándolle a superalos mediante os oportunos sistemas de intervención;
- promove-la cooperación entre a familia e a escola para unha mellor eficacia na educación.

Precisamente, as Ordes Ministeriais que convocan estes Programas, especificarán con claridade que unha das funcións a realizar nos Departamentos de Orientación é a de "*propor-*

cionar información e orientación ós alumnos e alumnas, colectiva e individualmente, acerca das distintas alternativas educativas e profesionais, así como do mundo das profesións e, en xeral, do traballo". Asemade, insístese en que un dos obxectivos prioritarios da Orientación Escolar e Profesional é capacitar progresivamente ós individuos para que participen activamente na toma de decisións que afecten ó seu propio futuro.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, unha vez transferidas as competencias en materia de educación en 1982, prodúcese con posterioridade -por Orde do 8 de agosto de 1985 (DOG do 3 de setembro)- a regulación dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio. A súa creación aspira a integra-los Servicios de Orientación Escolar e Vocacional (creados por Resolución da Dirección Xeral de Educación Básica do 15 decembro de 1982) e os Equipos Multiprofesionais (creados por Resolución da mesma Dirección Xeral no 11 de maio de 1983). Con esta integración preténdese lograr unha maior operatividade cara ós centros educativos, eliminando a concorrencia dalgúnha das súas funcións e ó responder a planos de actuación unitarios.

Os Equipos serán creados, explicitamente, como elementos de apoio ós centros educativos no ámbito do diagnóstico, orientación e integración dos escolares. Expresamente, en relación co labor de orientación educativo e profesional son destacables os seguintes epígrafes da devandita Orde:

- d) A elaboración de programas de desenvolvemento individual baseados nas necesidades e capacidades de cada alumno e orientadas a solucionar a súa problemática específica.
- f) Dirixir ou realizar, no seu caso, as tarefas de orientación escolar, persoal e vocacional dos alumnos, especialmente nos momentos críticos da súa escolaridade e da súa madurez psicobiolóxica.
- g) Asesorar e prestar axuda técnica ó profesorado na súa función titorial.
- h) Informar ós pais, profesores e alumnos das posibilidades de estudio e perspectivas profesionais.
- i) Coordina-las actividades de orientación que realicen os distintos departamentos de orientación dos colexios públicos, así como as que levan a cabo, con autorización do Delegado Provincial de Educación respectivo, outros organismos nos citados centros.


As prazas de orientadores foron concedidas mediante concursos públicos que se convocaron en distintas datas, e ós que puideron concorrer funcionarios docentes do corpo de Profesores de EXB que ademais tiñan a Licenciatura en Pedagogía ou Psicoloxía. Por Resolución do 21 de agosto de 1986 incorporáronse logopedas (especialistas en perturbacións da Audición e Linguaxe) ós Equipos Psicopedagóxicos, con funcións específicas nese ámbito.

Por medio da Circular nº 16/ 1988 do 30 de novembro, da Dirección Xeral de Educación Básica díctanse instruccións e orientacións para o funcionamento dos EPSAS.

Na Comunidade Autónoma, no curso 1992/93 rexístranse un total de 33 equipos, dos que forman parte 130 membros (psicólogos, pedagogos, especialistas en Audición e Linguaxe, Asistentes Sociais). A súa distribución por provincias e concellos pode observarse no seguinte cadro:

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Carballo	Burela	Barco, O	Cangas
Cee	Chantada	Carballiño	Estrada, A
Coruña, A	Lugo	Celanova	Guarda, A
Ferrol	Monforte	Ourense	Lalín
Melide	Sarria	Verín	Porriño, O
Ordes	Vilalba		Ponteareas
Ortigueira			Pontevedra
Padrón			Redondela
A Pobra Caramiñal			Vigo
Santiago C.			Vilagarcía
Vimianzo			

DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS PSICOPEDAGÓXICOS DE APOIO



Na lexislatura que transcorre entre 1989 e 1993, segundo Informe da Dirección Xeral de Educación Básica, investíronse nestes Equipos Psicopedagógicos un total de 76.691.304 pts., cun incremento medio do 15,5 por cento anual.

Nos Ensinos Medios, partindo da infraestructura dispoñible nos Institutos de Orientación Educativa e Profesional, transferidos á Comunidade Autónoma por Real Decreto 2794/1986, do 30 de decembro (BOE do 29 de xaneiro de 1987), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia convocou, por Orde do 26 de xullo de 1988 (concesión por Orde do 17 de outubro do mesmo ano) e con carácter experimental, un total de 20 proxectos de Orientación Educativa en centros públicos de Ensinos Medios para o curso escolar 1988/89.

As convocatorias foron reiteradas nos seguintes cursos académicos, concedéndose á altura do ano 1993 (Orde do 28 de outubro), *"pola que se designan os centros de ensinanzas medias autorizadas para levar á práctica durante o curso 1993-94, con carácter experimental, proxectos de orientación educativa"* (DOG do 17 de novembro de 1993), un total de 72 proxectos. A súa distribución por tipo de centros é como segue:

Institutos de Bacharelato (IB).....	36
Institutos de Formación Profesional (IFP).....	30
Institutos Politécnicos de Formación Profesional (IPFP).....	6
Institutos de Ensinanza Secundaria e Profesional (IESP).....	4

Na táboa adxunta pódese consulta-la distribución destes servicios por provincias e concellos na xeografía galega.

TÁBOA IV.8

CENTROS DE ENSINANZAS MEDIAS CON PROXECTOS DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA CURSO 1993/94

Provincia	Concello	I.B.	I.E.P.	I.P.F.P.	I.E.S.P.
A CORUÑA	Arteixo	1	1		
	Arzúa		1		
	Betanzos	1	1		
	Cambre	1			
	Cee		1		
	Coruña, A	8	3	1	
	Curtis			1	
	Fene	1	1		
	Ferrol	2	1		
	Narón	1			
	Noia				1
	Oleiros	1			
	Ordes	1			
	Pontedeume	1			
	Pontes, As		1		
	Santiago de C.	2	3	1	

Na lexislatura que transcorre entre 1989 e 1993, segundo Informe da Dirección Xeral de Educación Básica, investíronse nestes Equipos Psicopedagógicos un total de 76.691.304 pts., cun incremento medio do 15,5 por cento anual.

Nos Ensinos Medios, partindo da infraestructura dispoñible nos Institutos de Orientación Educativa e Profesional, transferidos á Comunidade Autónoma por Real Decreto 2794/1986, do 30 de decembro (BOE do 29 de xaneiro de 1987), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia convocou, por Orde do 26 de xullo de 1988 (concesión por Orde do 17 de outubro do mesmo ano) e con carácter experimental, un total de 20 proxectos de Orientación Educativa en centros públicos de Ensinos Medios para o curso escolar 1988/89.

As convocatorias foron reiteradas nos seguintes cursos académicos, concedéndose á altura do ano 1993 (Orde do 28 de outubro), *"pola que se designan os centros de ensinanzas medias autorizadas para levar á práctica durante o curso 1993-94, con carácter experimental, proxectos de orientación educativa"* (DOG do 17 de novembro de 1993), un total de 72 proxectos. A súa distribución por tipo de centros é como segue:

Institutos de Bacharelato (IB).....	36
Institutos de Formación Profesional (IFP).....	30
Institutos Politécnicos de Formación Profesional (IPFP).....	6
Institutos de Ensinanza Secundaria e Profesional (IESP).....	4

Na táboa adxunta pódese consulta-la distribución destes servicios por provincias e concellos na xeografía galega.

TÁBOA IV.8

CENTROS DE ENSINANZAS MEDIAS CON PROXECTOS DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA CURSO 1993/94

Provincia	Concello	I.B.	I.E.P.	I.P.F.P.	I.E.S.P.
A CORUÑA	Arteixo	1	1		
	Arzúa		1		
	Betanzos	1	1		
	Cambre	1			
	Cee		1		
	Coruña, A	8	3	1	
	Curtis			1	
	Fene	1	1		
	Ferrol	2	1		
	Narón	1			
	Noia				1
	Oleiros	1			
	Ordes	1			
	Pontedeume	1			
	Pontes, As		1		
	Santiago de C.	2	3	1	

- h) promove-la cooperación entre a escola e os pais para unha maior eficacia e coherencia na educación dos alumnos;
- i) participar na elaboración do proxecto educativo de centro;
- k) elaborar propostas para a realización de actividades que fomenten a convivencia, integración e participación do alumnado;
- l) asistir ás sesións de avaliación co fin de proporcionar e recibir información sobre os alumnos así como para facilitar que as devanditas sesións se axusten ós principios de avaliação continua, formativa e orientativa;
- m) asegura-la conexión do centro cos correspondentes equipos psicopedagógicos de apoio das provincias e cos centros de educación xeral básica da zona.

O responsable destas funcións é un profesor numerario con destino no centro e preferentemente con titulación de Licenciado en Pedagogía ou Psicoloxía. O profesor elixido, durante o tempo que dure a experiencia, terá unha dedicación semanal de nove horas lectivas, dedicando o resto da súa xornada ás tarefas e funcións citadas no apartado anterior. Os profesores designados para dirixi-los proxectos comprométense a participar nun curso ou seminario de formación, organizado a comienzo do curso académico polas Direccións Xerais de Ensinanzas Medias e de Formación Profesional. Asemade, para o desenvolvemento do proxecto será necesario o compromiso expreso por parte do claustro de profesores e do consello escolar de corresponsabilizarse deste.

O Consello Escolar considera necesario definir un marco global e unitario de actuación no campo da orientación educativa que dea adecuada resposta ás demandas que se orixinan nese ámbito, con independencia da etapa educativa de que se trate. Neste sentido, o Consello Escolar insta á Administración Educativa a que regularice o status xurídico-administrativo dos membros dos Equipos Psicopedagógicos de apoio que por sentencia xudicial se lles reconócen a súa clasificación no grupo A dos previstos na Lei 30/1984.

O Consello Escolar reitera tamén o xa manifestado no dictame ó Decreto do currículum de Secundaria Obrigatoria, no sentido de que deben existir en tódolos centros da ESO un Gabinete especializado de orientación educativa, psicopedagólica e profesional procedéndose por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a regula-la súa composición e o seu funcionamento.

IV.10. A INTEGRACIÓN ESCOLAR

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa Administración Educativa promulgará a Orde do 9 de agosto de 1985, sobre planificación da Educación Especial e experimentación da integración na Comunidade Autónoma (DOG do 3 de setembro); o que será tamén costume nos seguintes cursos académicos.

Nesta Orde sinálase que "*os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia que contan con unidades de Educación Especial tenden á integración dos alumnos excepcionais neles escolarizados na medida en que é posible, facéndose necesario profundizar na citada integración e fazer efectivos de forma progresiva os citados principios de acordo coas peculiaridades de Galicia e a demanda existente nesta modalidade educativa*".

Asemade indícase que a atención educativa farase segundo os principios de normalización dos servicios, sectorización da atención educativa e individualización do ensino; procederase no seu logro ó longo dun período de 8 anos en función das dispoñibilidades presupostarias.

As modalidades de integración que se consideran son:

- centros específicos de Educación Especial que atenderán a aqueles alumnos que non poidan ser escolarizados en réxime de integración ou en aulas de Educación Especial en Centros Ordinarios;
- aulas de Educación Especial en Centros Ordinarios, que atenderán a alumnos que non poidan segui-lo réxime de integración total, determinándose en todo caso un sistema de integración nas actividades que sexa posible;
- aulas ordinarias, nas que serán escolarizados alumnos con diminucións que así o permitan.

A permanencia de alumnos nos centros e aulas específicas de Educación Especial limitarase ó tempo en que a diminución faga imposible a integración.

A integración que se promove realizarase gradualmente e con carácter experimental (empezando pola idade preescolar e primeiro ano de EXB), prevendo a incorporación dun máximo de 20 centros por ano; darase prioridade ós centros que contan, cando menos, con 8 unidades de EXB e unha de preescolar.

Considerarase a conveniencia de non integrar nunha mesma aula a alumnos con distintos tipos de diminucións, e sobre todo cando éstas esixan atencións diferenciadas. Asemade, estipúlase o memento dunha ratio mestre-alumnos situada no intervalo 25/30.

Respecto dos medios postos a disposición do desenvolvemento destes proxectos experimentais de integración, establecese o seguinte:

- asegura-la estabilidade do profesorado nos centros de integración, engadindo que a participación no plano de integración será considerada como un mérito preferente,
- supresión das barreiras arquitectónicas naqueles centros que participen no proxecto,
- dotar a cada centro dun mestre de apoio, que na medida do posible será especialista en Audición e Linguaxe ou en Pedagoxía Terapeútica,
- Dar prioridade á atención dos Equipos Psicopedagóxicos a estes centros.

Na Orde teñen tamén cabida referencias ós requisitos e/ou condicións que deben reunir-los centros, avaliación da experiencia, formación do profesorado, etc.

Así mesmo será importante no proceso de integración escolar que asume a Comunidade Autónoma, a Circular 15/1988, do 25 de outubro, da Dirección Xeral de Educación Básica sobre escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais nas diferentes modalidades educativas. Na

mesma trátase de cristaliza-lo proceso iniciado con medidas que afecten á súa orientación e operativización das instruccións.

Nesta Circular queda claramente determinado o tipo de centros e alumnos que serán atendidos en cada un deles na *Educación Xeral Básica*:

- a) Centros específicos de Educación Especial, para alumnos que presenten algunha das seguintes características:
 - deficiencia mental en grao tal que non lles permita ser escolarizados en centros ordinarios con unidades de Educación Especial.
 - deficiencia motórica moi grave con deficiencia mental.
 - deficiencia sensorial moi grave con deficiencia mental.
 - autismo/problemas graves de personalidade.
- b) Centros ordinarios que desenvolven experimentalmente programas de integración, para alumnos que con carácter indicativo presenten algunha(as) das seguintes características:
 - deficiencia sensorial en tódolos graos.
 - deficiencia motórica lixeira e media.
 - deficiencia mental lixeira e media.
 - problemas non graves de personalidade.
- c) Aulas de Educación Especial en centros ordinarios, nos que poderán ser obxecto de inclusión aqueles alumnos que presenten algunha das seguintes características:
 - deficiencia mental media que poida estar asociada con deficiencias sensoriais ou motóricas lixeiras.
 - deficiencia motórica media que poida estar asociada á mental lixeira ou sensorial lixeira.
 - sensorial severa e/ou profunda que poida estar asociada á mental ou motórica lixeira.

As cifras básicas de centros ordinarios, alumnos e profesores que están acollidos ó Plano de Integración na Educación Básica durante o curso 1992/93, para o total de Galicia son:

- centros acollidos 108 (97 pub.; 11 priv. concert.)
- alumnos..... 440
- profesores..... 108

A súa distribución por provincias é como segue:

A Coruña	41
Lugo	30
Ourense	15
Pontevedra	22

Por concellos, do seu reparto queda constancia na táboa IV.9.

Nos Centros Públcos específicos de Educación Especial existentes na Comunidade Autónoma Galega, para o curso académico 1992/93, segundo cifras proporcionadas pola Dirección Xeral de Ensino Básico (totais), os datos básicos son como seguen:


- Postos catalogados 159
- Persoal docente 170
- Persoal non docente 163
- Alumnos Ed. Infantil/Preescolar 237
- Alumnos Ed. Básica/Promoción 511

TÁBOA IV.9

PLANO DE INTEGRACIÓN NA EDUCACIÓN BÁSICA DISTRIBUCIÓN DOS CENTROS ORDINARIOS, PROVINCIAS/CONCELLOS (CURSO 1992/93)

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Camariñas	2 Antas de Ulla	1 Amoeiro	1 Bueu
Carballo	2 Carballedo	1 Arnoia	1 Caldas de Reis
Carnota	2 Cervo	2 Varco de Vald.	1 Cangas
Cedeira	1 Cospeito	1 Carballiño	1 Cotobade
Cee	1 Chantada	2 Celanova	1 Cuntis
Coristanco	2 Foz	2 Cualedro	1 Estrada, A
Curtis	1 Friol	1 Merca, A	1 Moaña
Fene	3 Guitiriz	2 Monterrei	1 Moraña
Ferrol	5 Lourenzá	1 Ourense	1 Mos
Fisterra	1 Lugo	3 Pobra de Trv.	1 Ponte Caldelas
Laxe	1 Monforte	1 Verín	2 Redondela
Malpica	2 Monterroso	1 Viana Bolo	1 Vigo
Mazaricos	1 Nogais, As	1 Vilardelvós	
Melide	1 Palas de Rei	1 Vilariño de C.	
Monfero	1 Pobra de Br.	1	
Mugardos	1 Quiroga	1	
Muros	1 Ribadeo	1	
Muxía	1 Vicedo	1	
Narón	1 Vilalba	1	
Neda	1 Viveiro	2	
Noia	1 Xove	1	
Ortigueira	1		
Outes	1		
Ponteceso	1		
Sada	1		
Val do Dubra	1		
Vedra	1		
Zas	1		

DISTRIBUCIÓN DOS CENTROS DE INTEGRACIÓN



Por Orde do 13 de abril de 1989, establecécese con carácter experimental a integración dos alumnos con minusvalías en centros ordinarios de *Ensinanzas Medias* para o curso 1989-90 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 12 de xuño). Na mesma considérase que a integración que se estaba a efectuar con carácter experimental nos Centros de Educación Xeral Básica debe te-la súa continuidade nos Centros Ordinarios doutros niveis educativos, facendo fincapé en que os resultados académicos alcanzados por moitos alumnos con minusvalías aconsellan regular e potencia-la súa integración nos Centros de Ensinanzas Medias.

Este proceso experimental de integración ten, pois, como referentes os Centros de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.

Para o desenvolvemento dos programas formúlanse unha serie de criterios e procedementos, entre os que cabe destacar:

- Os alumnos con minusvalías psíquicas, físicas ou sensoriais poderanse matricular nos centros seleccionados para realiza-la experiencia sempre que, ademais de reuni-los requisitos académicos esixidos pola lexislación vixente, no informe preceptivo do correspondente equipo psicopedagóxico de apoio se poida prever unha evolución escolar positiva no seo do Centro ordinario. Este informe deberá especifica-los apoios necesarios en cada caso.
- Os equipos psicopedagógicos de apoio farán un seguimento do alumnado suxeito da integración. Este seguimento será especialmente rigoroso ó longo do primeiro ano para cada alumno, co obxecto de reformula-la modalidade educativa alternativa de observar que esta non é a adecuada.
- As aulas ordinarias que acollan ó alumnado de integración non superarán, agás excepcións, os 25 alumnos.
- Ó profesorado de centros públicos seleccionado que imparta docencia ós alumnos integrados asegúraselle unha estabilidade dun mínimo de tres anos no mesmo, co fin de posibilita-la realización do proxecto de integración que lles fose autorizado.
- Os centros públicos seleccionados gozarán da actuación sistemática do equipo psicopedagóxico de apoio, e terán preferencia nas actuacións da Administración Educativa para: realización de seminarios, proxectos innovadores, supresión de barreiras arquitectónicas, dotación de mobiliario e material didáctico específico, etc.
- Cada centro público seleccionado será dotado de polo menos un profesor de apoio, que será, preferentemente, de Ensinanzas Medias e especialista en Audición e Linguaxe ou en Pedagoxía Terapeútica ou, no seu caso, Licenciado en Pedagoxía ou Psicoloxía.
- Os centros públicos seleccionados recibirán unha cantidade complementaria para custear-los gastos derivados do funcionamento do mesmo.

Por Decreto 146/1989, do 22 de xuño, crearase o Centro Galego de Recursos para a Educación Especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 1 de agosto de 1989), para atende-las áreas de deficiencia auditiva e as alteracións da fala e da linguaxe, a deficiencia mental e os trastornos do desenvolvemento e a deficiencia motórica.

Asemade, coa súa creación aspirase, no ámbito da Comunidade Autónoma, a abordar desde unha perspectiva multiprofesional cuestións que afectan ós procesos educativos do alumnado con necesidades especiais axeitándoos ás demandas persoais, profesionais e sociais que precisan, e todo iso desde una permanente renovación da escola. Entre as funcións que se lle asignan figuran as seguintes:

- Realización de estudos para o desenvolvemento da Educación Especial na Comunidade Autónoma de Galicia;
- Elaboración e adaptación de instrumentos de avaliación para o diagnóstico, en coordinación cos Equipos Psicopedagógicos de Apoyo.

- Preparación de adaptacións curriculares, elaboración de unidades didácticas e outros materiais axeitados ás necesidades e demandas do alumnado.
- Establecer vías de información e asesoramento ós pais dos alumnos, para facilita-la detección temprá de minusvalías e a súa activa participación no proceso educativo dos seus fillos.
- Colaborar cos Centros de Formación Continuada do Profesorado nos niveis non universitarios e especialistas e outros profesionais que teñan relación coa Educación Especial.
- Elaborar, difundir e manter actualizada unha guía de recursos existentes na Comunidade Autónoma no ámbito da Educación Especial.
- Impulsa-la investigación e experimentación na introducción de novas tecnoloxías no campo da Educación Especial.

Con posterioridade a estas datas, outras disposicións legais fan referencia fundamentalmente ó desenvolvemento e ampliación de curso en curso do Plano Experimental da Integración de alumnos con minusvalías en centros ordinarios de Ensino Básico e de Ensinanzas Medias. A máis recente é a Orde do 4 de maio de 1993 (DOG do 3 de xuño), referida á ampliación nos Ensinos Medios para o curso 1993/94.

Respecto do alumnado, os resultados da investigación avaliativa realizada en Galicia en 1993 por un equipo de especialistas, analizando os procesos de integración de alumnos diminuídos en centros de ensinanzas medias de Galicia poñen de relevo os seguintes aspectos:

- Os alumnos integrados consideran más eficaz a súa incorporación ós centros ordinarios,
- en liñas xerais os alumnos integrados valoran moi positivamente a relación social cos profesores e demais compañeiros,
- consideran que o resto dos compañeiros manteñen cara a eles unha actitude positiva,
- pensan que o profesorado do centro que non lles imparte clase ten, maioritariamente, unha actitude positiva cara ó Programa de Integración,
- en calquera caso, a meirande parte dos diminuídos considera que a actitude do profesorado cara a eles é a mesma que cara ós demais alumnos,
- os suxeitos integrados parecen acepta-la súa diminución,
- a integración na aula dos suxeitos diminuídos é boa ou aceptable (opinión dos profesores),
- unha alta porcentaxe dos alumnos diminuídos están deficientemente integrados durante os recreos e tempos mortos (opinión dos profesores),
- a relación dos alumnos integrados cos demais compañeiros da clase é deficiente nun 43,2% dos casos (opinión dos profesores),
- as familias dos alumnos con minusvalías móstranse favorables ó plano de integración (opinión de más da metade dos profesores),
- os alumnos atópanse socialmente ben integrados, áinda que para unha minoría a situación podería mellorarse (opinión dos pais con fillos no programa de integración),
- en relación co rendemento académico, un 21,62% dos alumnos acollidos ó programa de integración ten mellorado, mentres que un 53,7% estaría dentro da media.
- un 31,7% dos alumnos integrados sitúase por enriba da media do grupo de clase, e outro 53,67 estaría dentro dela.

O Consello Escolar constata que a atención dos nenos con necesidades educativas especiais así como o proceso de INTEGRACIÓN requiere non só a actuación dos profesionais senón tamén actuacións más especiais por parte da Administración Educativa e outras institucións. Neste sentido é importante:

- 1º.— Dotar urxentemente de recursos humanos, materiais e didácticos a Centros para facilitar la apertura das instalacións educativas, como parte integradora da sociedade, de cara á normalización e integración destes nenos.**
- 2º.— Eliminación e supresión de barreiras arquitectónicas que limiten a realización de actividades escolares (adaptación de aulas, rampas e ascensores).**
- 3º.— Potencia-la coordinación educativa coas Empresas e Sindicatos para favorece-la Inserción Laboral do Minusválido e a Actividade de Formación Ocupacional.**
- 4.— Coordinación de recursos das Consellerías de Educación, Sanidade e S. Sociais (F. Preventiva).**

IV.11. O RENDEMENTO ESCOLAR

A Lei Xeral de Educación de 1970 no artigo 11 (apartados 1 a 5) proporá que a valoración do rendemento educativo se refira tanto ó aproveitamento do alumno coma á acción dos centros.

No primeiro caso, na *valoración do rendemento dos alumnos* deberán conxugarse as esixencias do nivel formativo e instructivo propio de cada curso ou nivel educativo cun sistema de probas que tenderá á apreciación de tódolos aspectos da formación do alumno e da súa capacidade para a aprendizaxe posterior.

De cada alumno haberá constancia escrita, con carácter reservado, de cantos datos e observacións sobre o seu nivel mental, aptitudes e afeccións, trazos de personalidade, ambiente, familia, condicións físicas e outras circunstancias que se consideren pertinentes para a súa educación e orientación. Para a redacción da mesma -expresábase na Lei- requirirase a colaboración dos pais. Asemade, un extracto actualizado debería incluírse no expediente de cada alumno ó pasar dun nivel educativo a outro.

A cualificación final de cada curso obteríase fundamentalmente sobre a base das verificacións do aproveitamento realizado ó longo do ano escolar. Esta cualificación integraría unha apreciación cuantitativa, positiva ou negativa, e unha valoración ponderada para o suposto de que aquela fora positiva.

No que se refire á valoración dos centros, debería facerse en función de aspectos coma os seguintes:

- rendemento promedio do alumnado na súa vida académica e profesional,
- titulación académica do profesorado,
- relación numérica alumno-profesor,
- dispoñibilidade e utilización de medios e métodos modernos de ensinanza,
- instalacións e actividades docentes, culturais e deportivas,
- número e importancia das materias facultativas,
- servicios de orientación pedagógica e profesional e a formación e experiencia do equipo directivo do centro,
- relacóns do centro coas familias dos alumnos e coa comunidade na que está situado.

Na Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990 non hai unha referencia expresa, de tan ampla extensión e alcance sobre esta materia. Na práctica, o concepto de rendemento queda subsumido no concepto de avaliación que é aplicable, con sentido xeral ós procesos de ensinanza e aprendizaxe, ós centros e ós diversos elementos do sistema (art. 2º g).

Máis especificamente, a avaliación do sistema educativo queda integrada no conxunto de factores que favorecen a calidade e mellora da ensinaza. Para isto, deberá orientarse a valorar a permanente adecuación entre o sistema educativo, as demandas sociais e as necesidades educativas, tomando como referencia os alumnos, o profesorado, os centros, os procesos educativos e a propia Administración.

No tocante ós alumnos, sinálase expresamente o seguinte:

- Na Educación Infantil e na Educación Primaria a avaliación dos procesos de aprendizaxe será continua e global.
- Na Educación Secundaria Obrigatoria a avaliación será continua. Tódolos alumnos recibirán unha acreditación do centro educativo onde consten os anos cursados e as cualificacións obtidas nas distintas áreas. Esta acreditación poderá ir acompañada dunha orientación sobre o futuro académico e profesional do alumno, que en ningún caso terá carácter prescriptivo.

- No Bacharelato, a única mención á avaliación consta na referencia que se fai ó feito de que os alumnos que o cursen satisfactoriamente en calquera das modalidades recibirán o título de Bacharel: para obter este título será necesaria a "avaliação positiva" en tódalas materias.
- Non existe unha mención expresa á avaliación na Formación Profesional.

No período que transcorre entre ámbalas dúas Leis, deben destacarse as contribucións normativas que se contemplan, a nivel estatal, no Real Decreto que regula os dereitos e deberes dos alumnos; e, a nivel autonómico, as directrices que en distintos cursos académicos regulamentan a organización das actividades docentes.

No Real Decreto 1543/1988, do 28 de outubro, sobre dereitos e deberes dos alumnos (BOE do 26 de decembro), o artigo 19 contempla as seguintes cuestións:

- Os alumnos teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade.
- A aplicación do proceso de avaliación continua do alumno require a súa asistencia regular ás clases e actividades programadas para as distintas materias que constitúen o plano de estudos.
- Cada centro deberá facer público ó comienzo do curso escolar os obxectivos e contidos mínimos esixibles para obter unha valoración positiva nas distintas materias ou áreas, así como os criterios de avaliación que vaian ser aplicados.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, as distintas Resolucións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, mediante as que se regula a organización das actividades docentes para os centros de *Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Educación Especial e Educación Permanente de Adultos*, contemplan para estes niveis do sistema educativo o seguinte:

- É competencia do Claustro de Profesores fixar e coordinar criterios sobre o labor de avaliación e recuperación dos alumnos.
- Nos ciclos inicial e medio a avaliación do rendemento será continua, terá carácter formativa e estará integrada no proceso educativo de maneira sistemática. As actividades de avaliación orientaranse á detección dos progresos realizados polo alumno en tódolos ámbitos do seu desenvolvemento. Ó longo do proceso de avaliación considerarase: unha exploración inicial, unha avaliación continua, unha avaliación final.
- No ciclo superior de EXB a avaliación do rendemento deberá, igualmente, formar parte integrante do proceso educativo de forma sistemática e continua, terá carácter formativo e orientarase á detección dos progresos realizados polo alumno en tódolos ámbitos do seu desenvolvemento. Estas actividades serán realizadas polo Equipo de profesores do alumno, coordinados polo Profesor tutor e constituídos en equipo de avaliación.
- As probas flexibles de promoción aplicaranse, soamente, a aqueles alumnos que non obténan, ó final do curso, avaliación global positiva e farán referencia ós aspectos básicos das distintas áreas do currículum non superadas.

Recentemente, en maio de 1993, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, mediante Ordes do 5 e 6 de maio, regulou a "avaliação na educación infantil e primaria" na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 19 e 20 de maio). Nas mesmas considéranse aspectos relativos ás normas de procedemento en materia de avaliación, documentos de avaliación e promoción dos alumnos, unha vez regulada a implantación na Comunidade da Educación Infantil e Primaria.

Nestas Ordes defínese a avaliación nos seguintes termos:

- A avaliación será global, tendo como referente o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais da etapa e os criterios de avaliación establecidos para as diferentes áreas, obxectivos e criterios que deberán axustarse ás características propias do alumnado e ó con-

texto sociocultural do centro, a través do proxecto curricular que constituirá o referente permanente da avaliação.

- A avaliação será continua, formando parte integrante do proceso educativo e orientada a proporcionar ós mestres, de xeito permanente, a información sobre o proceso de ensino e o proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, tendo como referente inmediato a programación didáctica.
- A avaliação terá un carácter formativo, orientándose á mellora dos procesos e dos resultados da intervención educativa, permitindo a adecuación, en cada momento, da programación á madurez, ritmo de aprendizaxe e rendemento do alumno ou alumna, para evita-la aparición de dificultades ou, caso de producirse, detectalas de contado e poñelo oportunamente mediante as pertinentes medidas de reforzo educativo ou establecendo adaptacións curriculares, de se-lo caso.

Entre outras consideracións, engade a Orde que "corresponde ós mestres selecciona-las técnicas e instrumentos de avaliação que consideren más axeitados, respectando as directrices contidas no proxecto curricular, e emití-los informes avaliativos da aprendizaxe dos seus alumnos. A decisión sobre a promoción de cada alumno ó ciclo ou etapa seguinte será adoptada polo mestre titor tendo en conta os informes do equipo de profesores e os resultados da avaliação.

Nas Resolucións da Dirección Xeral de Ensinanzas Medias, de varios anos, relativas á organización das actividades docentes nos *centros de Bacharelato, Formación Profesional e Institutos de Educación Secundaria e Profesional* dependentes da Consellería de Educación, establecese simplemente:

- que os alumnos teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa valorado con plena obxectividade,
- que no caso de que se infrinxa esta obxectividade, os alumnos ou os seus representantes legais poderán reclamar diante da Dirección do Centro, iniciándose un proceso para o que se estipulan prazos, procedementos e trámites de resolución.


Analizar como se concretan estos criterios normativos na práctica avaliativa que promoven profesores e centros de *Ensino Xeral Básico*, implica situarse nun marco de limitacións e dificultades ás veces insalvables para calquera estudio que pretenda resolver rigorosamente a obtención, tratamiento e interpretación dos datos dispoñibles; polo xeral insuficientes e contradictorios, ata o extremo de non permitir cuantificar e valorar extensiva e adecuadamente cuestións principais que afectan ó rendemento escolar, no caso concreto da Comunidade Autónoma Galega: condicionantes e resultados do éxito/fra-
caso escolar, tendencias evolutivas dos indicadores, taxas de promoción e abandono, etc.

Neste Informe, constatadas estas carencias, limitámonos a expor -de xeito resumido- os resultados avaliativos dos ciclos e cursos (no ciclo superior) que configuran o Ensino Básico, diferenciando centros públicos e privados para as convocatorias de xuño e setembro, en función da súa avaliação positiva ou negativa. Os datos refírense ó curso escolar 1990-91, único ó que se tivo acceso.

TÁBOA IV.10
RESULTADOS AVALIATIVOS, CICLO INICIAL (CURSO 1990-91)

Centros	Alumnos	Avaliación Positiva %	Avaliación Negativa %
Públicos	25.421	88,5	11,5
Privados	10.238	92,8	7,2
TOTAL	35.659	89,7	10,3

GRÁFICO IV.1
RESULTADOS AVALIATIVOS, CICLO INICIAL (CURSO 1990-91)




Como é constatable a porcentaxe media de alumnos que fracasan no ciclo inicial é superior ó 10 por cento dos matriculados. Un fracaso que comparativamente é superior nos centros públicos ca nos centros privados. Nestes últimos, a porcentaxe de éxito (avalación positiva) supera ós centros de titularidade pública.

TÁBOA IV. 11
RESULTADOS AVALIATIVOS, CICLO MEDIO (CURSO 1990-91)

Centros	Alumnos	Avaliación Positiva %		Avaliación Negativa %	
		Xuño	Setembro	Xuño	Setembro
Públicos	33.719	68,1	62,8	31,9	37,2
Privados	12.394	73,4	45,6	26,6	54,4
TOTAL	46.113	69,5	49,6	30,5	50,4

A teor dos datos, as taxas de fracaso escolar (avalación negativa) na convocatoria de xuño, superan para o total dos centros a porcentaxe do 30 por cento dos alumnos que cursan este ciclo educativo.

GRÁFICO IV.1
RESULTADOS AVALIATIVOS, CICLO INICIAL (CURSO 1990-91)



Como é constatable a porcentaxe media de alumnos que fracasan no ciclo inicial é superior ó 10 por cento dos matriculados. Un fracaso que comparativamente é superior nos centros públicos ca nos centros privados. Nestes últimos, a porcentaxe de éxito (avalación positiva) supera ós centros de titularidade pública.

TÁBOA IV. 11
RESULTADOS AVALIATIVOS, CICLO MEDIO (CURSO 1990-91)

Centros	Alumnos	Avaliación Positiva %		Avaliación Negativa %	
		Xuño	Setembro	Xuño	Setembro
Públicos	33.719	68,1	62,8	31,9	37,2
Privados	12.394	73,4	45,6	26,6	54,4
TOTAL	46.113	69,5	49,6	30,5	50,4

A teor dos datos, as taxas de fracaso escolar (avalación negativa) na convocatoria de xuño, superan para o total dos centros a porcentaxe do 30 por cento dos alumnos que cursan este ciclo educativo.

En calquera caso é preocupante que aproximadamente entre un 15 e un 20 por cento dos alumnos non consiga superar, no intervalo de idade media que transcorre entre os 8 e os 11 anos, os obxectivos e requisitos esixibles para os diferentes cursos que configuran este ciclo educativo.

TÁBOA IV. 12
RESULTADOS AVALIATIVOS, CICLO SUPERIOR (CURSO 1990-91)

Centros	Alumnos	Avaliación Positiva %		Avaliación Negativa %	
		Xuño	Setembro	Xuño	Setembro
Públicos	101.784	50,9	34,6	49,1	65,4
Privados	36.747	56,6	45,1	43,4	54,9
TOTAL	138.531	52,4	37,1	47,6	62,9

No ciclo superior acentúanse os niveis de fracaso que afectan ós alumnos: en termos medios cunha porcentaxe de avaliación negativa na convocatoria de xuño do 47,6 por cento dos matriculados.

Na convocatoria de setembro, o fracaso medio dos alumnos é constatable no 62,9 por cento dos casos.

TÁBOA IV. 13
RESULTADOS AVALIACIÓN CICLO SUPERIOR, POR CURSOS (1990-91).
CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO (AVALIACIÓN POSITIVA)

Cursos	CENTROS PÚBLICOS	CENTROS PRIVADOS
6.º E.X.B.	62,6 %	75,9 %
7.º E.X.B.	62,2 %	73,6 %
8.º E.X.B.	77,9 %	77,9 %

En base ó anterior, obteñen o Graduado Escolar un 77,9 por cento dos alumnos que remataban no curso escolar 1990-91 o seu Ensino Básico, fracasando nese intento un 22,1 por cento dos estudiantes. Neste proceso de acreditación académica a titularidade pública ou privada dos centros non parece ser determinante, contradicindo o que acontece na avaliación dos alumnos ó longo de toda a súa escolaridade, claramente favorable ós que a desenvolven nos centros da iniciativa privada.

Con respecto á avaliación no Bacharelato Unificado e polivalente temos como datos de referencia os relativos ó curso 1990/ 91. Considéranse neste sentido indicadores absolutos sobre o número de alumnos e centros segundo a súa distribución provincial, así como as porcentaxes de estudiantes que promocionan, repiten curso abandonan ou se trasladan de centro.

Que máis do 60 por cento dos Institutos evidencien "datos inadecuados" ou "datos incompletos" reduce a validez externa das valoracións, que sen embargo poden estimarse como representativas a modo de liñas base ou perfís dos resultados da avaliación dos alumnos no BUP en Galicia.

Facemos notar que nas táboas que se presentan destaca a elevada porcentaxe de estudiantes que neste nivel educativo, catalogado como non obligatorio, repiten curso. En termos medios coas seguintes porcentaxes:

repiten primeiro de BUP 12,6 %
 " segundo de BUP 15,5 %
 " terceiro de BUP 13,2 %

TÁBOA IV. 14

RESULTADOS DA AVALIACIÓN NO B.U.P. (CURSO 1990-91) PROVINCIA DA CORUÑA, POR CURSOS E TITULARIDADE DOS CENTROS

Curso Indicador	1.º BUP		2.º BUP		3.º BUP	
	Públicos	Privados	Públicos	Privados	Públicos	Privados
N.º Alumnos	6.471	2.455	5.867	2.258	4.816	2.058
N.º Centros	32	29	32	36	32	35
Promocionan	75,5%	86,6%	72,1%	83,8%	76,2%	85,3%
Repiten	19,9%	7,8%	23,6%	13,6%	17,4%	10,2%
Abandonan	4,6%	5,6%	5,3%	2,6%	4,2%	4,5%
Datos Incompletos (n.º de centros)	17	10	16	11	14	12

TÁBOA IV. 15

RESULTADOS DA AVALIACIÓN NO B.U.P. (CURSO 1990-91) PROVINCIA DE LUGO, POR CURSOS E TITULARIDADE DOS CENTROS

Curso Indicador	1.º BUP		2.º BUP		3.º BUP	
	Públicos	Privados	Públicos	Privados	Públicos	Privados
N.º Alumnos	2.291	203	1.932	185	1.599	8
N.º Centros	12	2	12	2	11	1
Promocionan	69,8%	99,4%	76,8%	95,6%	79,2%	100%
Repiten	15,3%	0,6%	19,2%	4,4%	18,4%	0
Abandonan	14,9%	—	4,0%	—	2,4%	—
Datos Incompletos (n.º de centros)	9	—	8	—	11	1

Elaboración ICE da Universidade de Santiago

TÁBOA IV. 16

RESULTADOS DA AVALIACIÓN NO B.U.P. (CURSO 1990-91) PROVINCIA DE OURENSE, POR CURSOS E TITULARIDADE DOS CENTROS

Curso Indicador	1.º BUP		2.º BUP		3.º BUP	
	Públicos	Privados	Públicos	Privados	Públicos	Privados
N.º Alumnos	1.645	788	1.315	833	1.160	696
N.º Centros	12	9	11	8	11	9
Promocionan	73,1%	88,4%	72,1%	85,0%	75,1%	81,6%
Repiten	21,8%	8,6%	19,5%	10,6%	19,2%	10,9%
Abandonan	5,1%	3,0%	8,4%	4,4%	5,7%	7,5%
Datos Incompletos (n.º de centros)	7	6	7	4	8	6

Elaboración ICE da Universidade de Santiago.

TÁBOA IV. 17

RESULTADOS DA AVALIACIÓN NO B.U.P. (CURSO 1990-91) PROVINCIA DE PONTEVEDRA, POR CURSOS E TITULARIDADE DOS CENTROS

Curso Indicador	1.º BUP		2.º BUP		3.º BUP	
	Públicos	Privados	Públicos	Privados	Públicos	Privados
N.º Alumnos	3.559	1.575	3.513	1.542	2.747	1.265
N.º Centros	18	15	17	15	17	15
Promocionan	76,1%	89,2%	76,9%	85,2%	74,4%	92,3%
Repitén	21,8%	8,6%	19,5%	10,6%	19,2%	10,9%
Abandonan	5,4%	2,7%	2,6%	2,6%	1,5%	1,6%
Datos Incompletos (n.º de centros)	9	5	10	7	9	8

Elaboración ICE da Universidade de Santiago.

En relación coa disponibilidade de datos que permitan un diagnóstico e valoración eficaz do éxito/ fracaso escolar, o Consello Escolar de Galicia recoñece que a situación é realmente caótica. Neste sentido impone a necesidade de que se arbitren más eficaces estratexias de elaboración, codificación e uso da información e que estes se proporcionen ós centros educativos, con vistas a que fagan posible a súa posterior análise e valoración. Estamos, en efecto, ante unha variable extremadamente relevante para a estimación da calidade do ensino, en relación con alumnos, con institucións escolares e, en definitiva, co conxunto do sistema educativo. Á vista dos cuantiosos errores e disfuncionalidades nos cadros en que os centros anotan os resultados dos procesos avaliadores, é hoxe imposible realizar unha valoración exhaustiva e adecuada do estado da cuestión na nosa Comunidade Autónoma. E este feito estímase como singularmente grave por parte do Consello Escolar, que urxe da Consellería de Educación medidas correctoras eficaces, con vistas a que sexa realmente factible un labor avaliador do cento por cento dos centros.

IV.12. O DEREITO Á EDUCACIÓN: OUTRAS CONSTRIBUCIÓN

O dereito constitucional a unha educación de calidade encontra tamén parciais e diversas plasmacións en campos como a promoción do deporte e dos hábitos lectores, e con respecto a algúns sectores poboacionais, como son os menores en situación de desamparo ou feble protección, a través neste caso das actividades de protección de menores e das Garderías Laborais, sobre todo o que faremos unha sucinta referencia descriptiva e informativa.

O Programa de "Deporte Escolar" é promovido e coordinado desde a Secretaría Xeral para o Deporte dependente da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, comprendendo os subprogramas de Competicións, Deporte nos Centros e Deporte na Natureza, ós que se destinaron un total de 163.735.000 pts. no ano 1993, das que case 111 millóns de pesetas se dedicaron ó subprograma de Competicións.

No subprograma de "Deporte nos Centros" participaron no ano 1993 un total de 442 Centros de Educación: 146 da Coruña, 50 de Lugo, 94 de Ourense e 152 de Pontevedra.

No subprograma "Deporte e Natureza", con estancias gratuitas de 4 días en Cabeza de Manzanares e o uso de 1.540 prazas, participaron 46 centros escolares, dos que 10 foron grupos de educación especial.

No Apartado de Competicións Escolares participaron un total de 817 entidades (528 centros e 289 clubes), cun total de 79.000 participantes, distribuídos do modo como se expón na Táboa seguinte:

TÁBOA IV.18
PARTICIPANTES EN COMPETIÓNS DEPORTIVAS ESCOLARES SEGUNDO SEXO
CURSO 1992/93

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Masculinos	17.403	4.602	8.121	17.233	47.359
Femininos	11.632	3.016	5.197	11.797	31.642
TOTAL	29.035	7.618	13.318	28.030	79.001

Ó falar de deportes escolares referímonos a: Atletismo, Balonmán, Basquet, Campo a través, Fútbol, Judo, Tenis de Mesa, Voleibol, Xadrez e Ximnasia rítmica.

No tocante á Promoción dos hábitos lectores entre a poboación escolar, cómpre aludir ás Campañas de Lectura de carácter anual programadas pola Subdirección do Libro da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, mediante as que se realizan actividades específicas de animación á lectura infantil e xuvenil en centros específicos de educación de toda Galicia; centros que reciben dotacións de libros de apoio. Así, durante a Campaña realizada durante o curso 1992/93 participaron un total de 99 centros de EXB, maioritariamente públicos: 40 da Coruña, 17 de Lugo, 10 de Ourense e 32 de Pontevedra.

Con respecto á Protección de Menores cómpre sinala-la existencia dun Plano Integral promovido pola Dirección Xeral de Servicios Sociais da Xunta de Galicia e articulado arredor da existencia de centros propios e colaboradores de protección de menores e do Servicio do Menor.

Existen en Galicia un total de 11 centros propios de protección de menores situados nas localidades da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo, Ferrol e Rábade, e un total de 57 centros colaboradores, deles 23 na provincia da Coruña e 18 na de Pontevedra, conformando unha rede que inclúe casas de familia.

centros con fogares e minirresidencias. No seu conxunto atenden a 1.879 menores internados, deles 418 nos centros propios.

Pola súa parte o Servicio do Menor, facilitou en 1992: o acollemento familiar de 1.076 menores, a atención a 77 en garderías, a atención de día 184, o establecemento de 1.291 axudas familiares, o estudio de 2.105 expedientes para a apreciación de posible desamparo, ademais da atención ós centros de internamento.

Finalmente, dependendo da mesma Dirección Xeral de Servicios Sociais, existen actualmente 22 Garderías en toda Galicia, delas 8 na provincia da Coruña e 7 na de Pontevedra, cos seus postos ocupados por un total de 1.708 nenos e nenas, ademais das 31 garderías privadas subvencionadas pola mesma Dirección Xeral, cunha ocupación de 1.617 nenos e nenas durante o curso 1992/93. O persoal que as atende está formado por 62 parvulistas, profesores, educadores e psicólogos, e por 89 persoas adultas con outros perfís. Para a súa xestión destináronse case 285 millóns de pesetas en 1993.